


2 e 3 de Agosto • XXXV Festival de Pardiñas

nº 58
Agosto 2014



xermolos

ASOCIACIÓN CULTURAL DE GUITIRIZ



PAR
DI
ÑAS

2.3/08
2014

Feira e festa da MÚSICA e da ARTE

O AUTOR DO CARTAZ

DIEGO PENA ESPÍÑEIRA

xa ten colaborado noutras actividades de Xermolos. É un creador total: deseñador, músico, pintor, etc. Participou aquí en Pardiñas no curso “Canteiría e novas tecnoloxías” con asiduos e puntais necesarios da Feira e festa da Música e da Arte, como Valdi, Ramón, Marcos Ladra, Sonia Ferreiro... Fixo o logotipo de Bloquinho de Xermolos, varias camisetas da Banda de Guitiriz, dúas agrupacións nas que el desenvolve a súa arte musical.

Foi alumno do Ies Poeta Díaz Castro e estudou Deseño gráfico na Escola de Arte “Ramón Falcón” de Lugo, e na Escola de arte e deseño Pablo Picasso de A Coruña.

A pesares da súa mocidade xa conta con varias exposicións e traballos plásticos. Unha das ultimas exposicións foi a “Land Art Terras do Miño reserva da Biosfera”, unha colectiva con Silvia Calvo. Iago Comedeiro, Mónica López, Antía Otero, Alba Suárez...



Conversamos neste apoxeo da preparación do Festival, e preguntámoslle:

¿xa coa tua experiencia no eido das artes, que pensas que achegan á sociedade actual???


Diego asevera con vagar: *a arte sempre estivo aí, dende Sempre, permítenlle ás persoas expresarse e comunicarse. Aínda que un cartel debería ter moito máis deseño ca arte, xa que ten unha función en concreto, que neste caso é anunciar un festival, non é algo tan persoal como un cadro ou unha escultura, por exemplo.*

O artista nace ou faise...? *Creo que é unha combinación de ambas, primeiro tes que mostrar interese, pero aínda que “nazcas para iso” si non estudas e traballas non creo que consigas moito. De tódalas maneiras eu tampouco me considero un artista, pero supoño que é así con tódalas cousas.*

Que significa Pardiñas como plataforma das artes, artesanía, etc? *É un festival moi antigo, con tradición, que visita moita xente e polo que pasou e pasarán personaxes moi importantes. É bonito formar parte diso, e ver que segue adiante co paso dos anos, e para os que somos de Guitiriz é máis especial aínda.*

Como valoras un cartel para anunciar un evento???

A pesar das novas tecnoloxías e a multitude de maneiras de comunicar un evento hoxe en día, para min o cartel segue sendo o medio máis bonito, eficaz e directo para comunicar calquera evento.



MARIA PILAR GARCÍA NEGRO PREGOEIRA DA XXXV EDICIÓN

MARÍA PILAR GARCÍA NEGRO, A PAIXÓN POLA NOSA LINGUA

Por Marica Campo Domínguez

Roland Barthes escribiu nos seus Ensaíos críticos que querer nos queima e poder nos destrúe. Se tomarmos estas palabras, evidentemente fóra de contexto, ao pé da letra, a pregoeira do Festival de Pardiñas 2014 estaría queimada, mais non destruída, porque nunca tivo poder. Porén, cómpre matizar.

Querer queima, pero hai moitas maneiras de arder. Non é o mesmo consumirse e só ser cinsa que facelo para alumar e quentar unha idea ou, para ser máis exacta, un ideal. Á fin, haberá tamén cinsa, mais cinsa namorada, se o dicimos na esteira de Quevedo.

Namorada da lingua galega está María Pilar García Negro pola simple razón de que é a súa, a que a creou e criou galega, pertencente a unha nación, Galiza, na que se recoñece.

Por outra parte, ao dicir que nunca tivo poder, aludimos a que, malia a súa activa militancia política á que nos referiremos máis tarde, endexamais ocupou ningún posto desde o que tomar decisións de goberno. Aínda así, desmentindo o que se afirma no primeiro parágrafo, aseguraremos que si ten poder, o da palabra. Un poder que só destrúe prexuízos e desactiva dialecticamente as trapelas que lle arman á nosa vontade de sermos e existirmos como o que somos, galegas e galegos a tempo total, segundo expresa ela.

As persoas que coñecemos a María Pilar García Negro sabemos ben até que punto é festeira, amiga da música e das celebracións. Ela abunda nesta idea cando afirma que o seu nacemento apresurado en Lugo, o venres 9 de outubro de 1953, debeuse á urxente necesidade de acudir ao Domingo das Mozas.



En Lugo viviu seguido até os 16 anos, cando ingresou na Universidade de Santiago de Compostela. Alí cursou as carreiras de Filosofía e Letras e mais Filoloxía Galego – Portuguesa e nela se doutorou en 1991, ano en que ingresa como profesora na Universidade da Coruña, despois de 14 anos como profesora de Ensino Medio (catedrática de Lingua e Literatura Españolas no momento en que deixou este nivel de ensino).



Acabamos de citar o núcleo central da súa dedicación: foino de Lingua Española no Ensino Medio, éo de Filoloxía Galega na Universidade, mais hai que salientar outro tipo de docencia, digamos que por libre, exercida durante toda a vida: centos de conferencias en colexios, institutos e asociacións culturais por todo o largo e ancho do noso país e tamén no estranxeiro.

Moito antes de ser deputada, polo BNG, no Parlamento Galego (1989 – 2003), desde mediados dos anos 70, foi activa militante do nacionalismo galego en moitas das súas ramas, non só na estritamente política, senón tamén na sindical, na feminista, na sociopedagóxica e en diversas actividades de extensión e divulgación cultural.

Esta bagaxe levouna con ela ao seu traballo parlamentar nas áreas de Ensino, Política Lingüística e Cultura, así como á Comisión para a Igualdade e os Dereitos das Mulleres, que ela mesma fundou.

Dixemos profesora, dixemos política activa, e agora debemos dicir escritora, porque tal título está ben acreditado despois da publicación de máis de vinte libros, centos de artigos, estudos sobre sociolingüística, lingua galega, literatura ou divulgación feminista.

Citamos, a seguir, algunhas das súas obras:

33 aproximacións á literatura e á lingua galega en colaboración con Xosé M^a Dobarro. Edicións do Castro (1984, 1990).

O galego e as leis. Aproximación sociolingüística. Edicións do Cumio (1991).

Sempre en galego. Laiovento (1993, 1999).

O ensino da lingua: Por un cambio de rumbo, en colaboración con Xoán Costa Casas. ASPG (1995).

Poesía galega de Valentin Lamas Carvajal. Edición crítica e introducción. Edicións do Castro (1998).

Dereitos lingüísticos e control político. Laiovento (2000).

Arredor de Castela. A Nosa Terra (2001).

“Estudo introdutorio a Confusión de María Balteira de Marica Campo” Biblioteca-Arquivo Pillado Mayor. Universidade da Coruña (2005).

Estudo introdutorio a El caballero de las botas azules. “Lieders”. “Las Literatas” de Rosalía de Castro. Sotelo Blanco (2006).

De fala a lingua: un proceso inacabado. Laiovento (2009).

O clamor da rebeldía. Rosalía de Castro: ensaio e feminismo. Sotelo Blanco (2010)

Ricardo Carvalho Calero: a ciencia ao servizo da nación. Laiovento (2011).

Outramente. Laiovento (2012).

Cantares gallegos, hoxe. Para unha lectura actualizada de Rosalía de Castro. Alvarello (2013).

A honrosa listaxe de pregoeiros e pregoeiras do Festival de Pardiñas suma, xa que logo, nesta XXXV edición o nome dunha galega consciente de selo, sempre disposta a achegar a súa axuda á construción do país que soñamos.



(Fotos Raúl Río: María Pilar García Negro no derradeiro Festival do 2013)

PREGÓN DO XXXIV FESTIVAL DE PARDIÑAS POR XOSÉ VÁZQUEZ PINTOR

PARDIÑAS, A VOZ QUE VAI POR DENTRO

“ Todo está negro, as sombras envolven a vereda / e nin o ceo tén ollos, nin o pinar ten lingua”. / “Uns magoan querendo consolare, / outros o dedo afincanos na chaga; / mais o peor de todos é o traidore / que repite ao ferirnos: ¡todo pasa!.”

(Follas Novas. Rosalía de Castro; Santiago, 23 de febreiro 1880)

In memoriam: Anglois, Amigo e Solidario, 24 de xullo 2013

Sei da Chaira tanto coma un home, e menos cá muller, que nos conleva en sorriso e ventre, en luz e recaladas. Elas que son da Terra e Mar. Penélopes. Veño aquí deica a paisaxe que se sabe a pé de paso, paseniña canda nós e nunca en carreira, carreiro, estrada, autopista, stop. Velocistas son os anos e os séculos. E nunca as horas e os días. Aquí medra a profecía. Chegas, ollas, gostas, falas só, nembras a toponimia, cantas canda a merla e asubías Parga ao lonxe naquela luz tan rouladora do berce que é un rodopío de fonemas que renxen ao compás do grito do naipelo que sempre somos a pedir máis nai e tantos tantos bicos: ollos que namoran e axiña as voces e os ecos do *rou rou, meniño é...*

E nai aleita, sobe o ritmo da donante, luces son a flor das bidueiras, zocas o seu ventre, pasos os camiños. E neno impa ou grita coma un fol da nada que fai ritmo, música. Entra o gato pola porta do cuarto que é silencio. Mico axexa; o rabo medra e move o aire que fai vento para que nai saiba resistir a calor que vén de fóra e mais da pedra da lareira. Esa pedra que ten trescentos anos de alimento; e sabe a música da Lingua; e canta e ri e chora a un case tempo de aloumiño ou de pesar. Solidaria pedra do lume; incendio. Bicos de palabras e as faíscas que pillan bolboretas na cambota. Luz do fogo e do carballo, raíz. E a gramalleira en pé: o ferro dos ferreiros nos aneis; lume e calda. O tempero do pote onde se coce en tanto mar de tizón manso ese *polbo* que é de amor e non de mar, para que a Terra cu-



bra, encha de futuros os sorrisos dos naipelos e de bicos os avós, que sempre dan e contan, cantan, palabrean, ata que o sono vence abeirando de cedo na mañá.

A muller é de seu e de noso a grande trepia cara ao destiño: a profecía, o caxato, o canto mailo colo; e sempre a espera. Velaí que sexan elas o meu ritmo, a mellor memoria. E velaí que cadren ben aquí nesta terra das augas, das temperaturas, das viaxes de ida e volta. Imos indo. E





nas arestoras estou, estamos, con todas e con todos vós, en corpo espido. Aínda que os lenzos queiran e saiban ocultar dende a luz das tecedeiras, coas modas anovadas e as tecnoloxías de refacer as sabas maillos cobertores, ocultación inútil tamén do noso íntimo. A beleza natural conleva os adubíos da palabra: esas voces que son namoro de seu, tan caladiñas coma un bico que sesea e vai de percorrido emocional cara ao profundo da mensaxe e toca o ceo do padal que abre paseniño onde deita a flor do soño e medra entón o

mundo dos amantes, a calda, a fonte, o beneficio. E digo chaira, cotovía, cuco, bubela, bidueira, ame-neiro, toxo, chorima, río. Abonda para namorar dos ollos do profundo a quen chega e sinte e abre axiña a mao nas labaradas da emoción e a porta aberta dunha bágoa que cumpre a recibida. *Terra ancha*, dixo alguén con luces, coma en incendio. *Terra en aire*, digo eu agora e sempre aquí, feliz e levitante, trasnoitado de venturas, coma nos eidos e nos mares que son da miña estima. E *luces*, ese contraste das horas: ese mandil das cores do arco da vella, que na adolescencia feminina loce precavido para máis namoro, para máis fulgores cara ao amor que vai por dentro: a casa en abril, o vento das viradas, o ceo espido, a nube baixa das pingueiras que bebe o chan cara ao profundo. E nace a auga de beber. Aquela primeira vez en mao, coma se un colo, para que a boca resfríe e sexa a sede aquí un beneficio. Auga de noso. Auga dos milenios. En prodixio agroma a canle do muiño, en superficie que se fai doada, coma se a lareira dos séculos e un lume á brasa fose o labrego facedor do encanto que non se apaga na noite nen nos días. Auga quente, mornura, augas de interiores, aló no sochán, esa que vén de lonxe, burbulla e acouga en nai marabillosa: a profecía da códea mineral que sabe compracer a quen necesita do hidróxeno e do oxíxeno da vida para se compor na danza das alquimias en agradábel danza, pinga, fonte, encoro da grande menciña dos solagos. Auga do Sol. Auga da Luz. Auga da Terra. Calda caladiña.

E *cadaquén* de eivado soña aquí por vida. E *cadalén* de visitante dos namoros, que volta e sabe, di que resucita. A maxia do conforto. O beneficio. A Poesía. Non é así ao chou coma nas outroras e as arestoras cohabita o canto da terra en testemuña, herdanza. E nacen as criaturas que soñan ser, elas e eles, facedores de palabras, tecedeiras dende o albor, afiadores do verso, a palresía do seu mundo, que é de noso. E velaí o lugar, a parroquia, a bisbarra, o mundo da ambulancia en roda tarazana que percorre os universos do planeta que nos fía, afía, confía e palabrea en galego universal coa voz do paraíso: As Américas, As Asias, As Europas, Áfricas, As Illas, Os Océanos. Auga e Terra. Aí estamos, resistimos. Somos. Prosa e verso. Sinaturas. As Orixe. Tanto o orgullo. Tantas as estimas.

Veño hoxe aquí coma un paxaro madrugueiro, por acaso un xílgaro de Quian, a aldea campesiña dos namoros. Tráiovos a cor da mazá reineta dos carreiros, coma un recendo á Historia Humana e Literaria que vos honra dende os séculos; fiando na roca da vida, confiando nas avenidas do progreso. E por outro acaso veño tamén dende a Terra do Medio, cerna e patrimonio, un abrocho de lembranzas que están no enigma, nas mámoas, nos petroglifos e nos castros. Fulgor dos séculos en vida permanente. Canto e hora nesta data do catro de agosto 2013. De ida e volta, coma o cuco. E por outra certeza veño na esperanza da mañá morniña do silencio na casa labrega; hora da mesa e do xantar, coas nosas bocas máis felices e palabreiras dos universos que acreditan a ledicia. Veño, quero dicir tamén, dende o mar de Cangas, onde se bica o océano. Alá e acó, non hai légoas nin millas das distancias na memoria e no cariño. A vida en pé, na confianza e na certeza en vos saber a todas e a todos, nas esperas e na saúde plena da Terramar de noso. Festa. Romaría. Lingua.



Poetas. ¡Que ben me cadrades hoxe aquí! Nominados merecentes - que eu concedería ex aequo - da memoria das Letras Galegas 2014; dos fulgores do setestrello, seareiros e activos do cosmos literario, per omnia saecula. E digo Fiz Vergara Vilariño e digo Xosé María Díaz Castro. Irmaus de noso e dende xa no Alemparte das palabras e das flores, esa alquimia. Son as imaxes que conlevo dende hai anos no meu fardel das noites e os mencers. Arrecende a terra a verso e o mar navega en ardentía. Volos dous na lucerna, tan no cimo das estrelas, tan de obra, tan de Poetas. O morador de Santalla de Lóuzara Xabreira fixera tamén aquí con vós a ceifa e a colleita solidaria de todas as estimas, ese orgullo que se entrega e que se dá en Pardiñas; ese convencemento de que hai amor nas atmosferas da vida para el en permanencia de Trobar e de Xograr ben grande cos Silencios, muiñeiro e roulador, tanto cariño: “Xamais viches o mar, Eili belida. / Mais entrambos moramos terra adentro / entre laios de amor, fouce e gadaña” . E o asubío do neno grande de Vilariño dos Cregos, dos Vilares de Parga - “desorballando os prados coma sono”- desce do universo e nimba o ceo da Terra dos Algures. Tece, calceta a diario nun “rou rou” dende cativiño do berce e abre os mundos da diáspora. Aló nos cirros, tan no outo, outea, labra, palabrea, pespunta coas agullas e camariña e nimba un libro que é un edificio en pé dos séculos da vida.

Dixen. Fica nesta escrita do Pentium Word Inspirin Innovatium, que seica é a modernidade na calceta con marcha automática e por demais frieira. Porén déixovola aquí en voz agradecida de mornura e de cariño. Vós: Elas, Eles. E as apertas das sobreiras. ¡¡Que sempre solle e chova de seu a tanta vida!!

“E cante o carro o canto alegre da historia nosa / na mañá de outono e inverno a canseira dos bois”



Xosé Vázquez Pintor
Pardiñas-Guitiriz, domingo,
catro de agosto 2013

CELEBRAMOS OS TRINTA ANOS DE A QUENLLA

O grupo **A QUENLLA** está formado por: Mariña, Iria, Chus, Tareixa, Manuel, Mija, Saxa, Omeljan, Mini e Mero, e celebramos o cumpreanos escoitando o dobre CD con 26 temas inéditos, creados en distintas fases do grupo. Seguen a ser esas voces limpas, altas, sen mestura que mesmo musican e cantan os nosos bardos: Cunqueiro, Curros, Lois Diéguez, Lorenzo Varela, Salvador García-Bodaño, Anisia Miranda, Rábade Paredes, Manuel María, Darío Xohán Cabana, Xosé Lois García, Marica Campo, Bernardo García Cendán... Nesta homenaxe temos que lembrar algúns que xa non están físicamente, pero que seguen no corazón de Pardiñas, como Chus a violinista e César Morais, ou Malula, e Fiz Otero.... Dos fundadores seguen Chus e Teresa, Mini e Mero desde o 84.

A QUENLLA: ¡MOITO MÁIS CA UN GRUPO MUSICAL! por Xesús Mato

Comparto unha fermosa historia. Vivida desde dentro. Con milleiros de feitos compartidos na compañía e amizade dos poetas/músicos/profetos *Mero/Mini*, co/fundadores dos dous grupos, quizás, máis senlleiros e comprometidos coa Terra, que tivo a *música popular galega cantada* nos últimos anos do século XX e os primeiros do XXI. Tiven a oportunidade de vivir e compartir as súas orixes e o seu desenvolvemento. Mesmo as medras. O feito/acontecemento de *Fuxan os Ventos* (1972/82) e o posterior de *A Quenlla* (1984/2008) ¡Unha regalía!



Á hora de elixir tema para esta homenaxe aos meus amigos/as de *A Quenlla* (1984/2008) sentín a obriga de subliñar algunhas das facianas máis profundas (algunhas descoñecidas) da súa ben aproveitada vida/obra. Este grupo musical lucense foi quen de manter sempre acesa a chama dunha loita constante por recuperar e lle devolver ao pobo galego a riqueza da súa abondosa cultura popular, moito tempo acubillada. A lingua galega e a tradición oral, tanto nos ditos, feitos e costumes, como na fermosura da súa música, están en débeda con este e con outros grupos semellantes. Por iso, aplaudo estas e outras homenaxes. O recoñecer e honrar este impagable labor é unha maneira axeitada de loitar tamén pola cultura. Pola miña banda, xunto ao recoñecemento quero aportar uns sinxelos detalles coa vontade de aclarar algunhas dúbidas e mesmo desfacer certas enguedelladas interesadas que lles foron engadindo ao correr dos anos sobre as orixes, causas e razóns do nacemento de *A Quenlla*. ¡Hai distancia dabondo, suficiente, para que, os que queiran ver, saiban a real/verdadeira e auténtica historia!




Imaxes da I Festa da Fala no San Alberte de Sambreixo (18/05/2014) organizada por Xermolos. Fotos Juan Luis Tomé.

OS FROITOS DUNHA DIFÍCIL RACHADURA

A Quenlla, como grupo musical, nace no ano 1984. Dous anos despois da derradeira escisión de *Fuxan os Ventos* (febreiro, 1982) Xorde, precisamente, cando o veterano grupo estaba xa a piques de perder a súa identidade e filosofía orixinarias que nunca debiera ter abandonado. De principio, a rachadura semellaba unha desgraza. Por fortuna, non foi así, xa que resultou ser un feito, altamente positivo. Necesario e oportuno naquel intre! Houbo que se definir e optar, con valentía e claridade, para saír da inercia e desbotar lonxe de nós aquelas absurdas e estériles loitas que alentaban devezos e falsas ilusións económico/profesionais da maioría dos seus membros daquela etapa. A rachadura fixo renacer unha nova, renovada e apaixonante vida. A volta ás orixes!. Mero e Mini sabían moi ben o que facía falla, o que querían e era preciso retomar. Tiñan oficio e viñan cargados das experiencias vividas perante moitos anos. Chegaban de vivir o contacto persoal coa xente da aldea, cos poetas da Terra e da Diáspora, despois de estaren mergullados na historia e na vida real do pobo nas escolas rurais e de comprobar que este sufrido e calado pobo fora (¡e seguía a ser!) desprezado, sobre todo, na súa riqueza/vida cultural/musical. Decatáronse de que había forzas para recuperar a memoria e a súa

escasa e moi baixa auto/estima. Había que cubrir o desconcerto e o gran baleiro que se vía vir (xa comezara!) co feito da fuxida masiva a modelos de música mestiza, alleos á cultura galega e mesmo con descarado desprezo da nosa. Abonda con lembrar os grupos (¡ao redor de medio cento!) e o tipo de música que se estaba a facer e producir desde o ano 1980 ao 2.000. Novo deserto no mundo, sempre cambiante, da música popular galega!



FALAN OS FEITOS: “OBRAS SON AMORES.....”


Dínolo o refrán: “*sobran palabras cando falan os feitos*”. Ese é o caso. Pasada a etapa máis brillante da música popular galega, coas fortes pegadas dos grupos *Milladoiro* (na música instrumental) e *Fuxan os Ventos* (na cantada) converteuse en moi oportuna, e mesmo necesaria, a presenza de “*A Quenlla*” que volve ao traballo habitual (nunca interrompido pero chantado!) da recolla, estudo e divulgación do rico e abondoso folclore musical de Galiza. Comeza a fermosa e produtiva etapa da edición de discos, vídeos e publicacións dunha parte do seu tamén rico arquivo. Saen á luz os vídeos: “*A Historia da Lingua Galega*” (romance) con letra de Manuel María; “*70 anos de nacionalismo*”; “*Os señores da Palabra*” e “*Luís Pimentel*” (Ophiusa); “*Manuel María da Terra Chá*” e “*Fiz Vergara Vilariño*” (Citania). No ano do nacemento, o 1º LP: “*Os tempos aínda non, non son chegados*” (1984); “*Európolis*” (1988); “*Máis aló da néboa*” (poetas Pimentel, Luís Seoane e Lorenzo Varela) e “*Terra*” (1992); “*Nadal en galego: Galicia canta ao Neno*” (1994); “*A Casa que nunca tivemos*” (1996) (musical, con letra de Marica Campo); “*As nosas cancións*” (1997/98), “*Namórate da vida*” (Droga, Proxecto Home); “*Silencios na memoria*” (2004) (recuperación histórica) e “*Chill Out Celta en Galicia*” (Mero/Mini e músicos de Irlanda, Escocia, Gales, Bretaña e *A Quenlla*), *Os Irmandiños*, a xigantesca montaxe da obra de calibre histórico en Galiza que durmía na rica e abondosa despensa do noso poeta máis popular, o Manuel María.

Publicacións de libros: “*A carón da escola*” (nenos, 2 volumes); “*Cantos de Reis e Nadal*”; “*Contos de vellos para nenos*”; “*Novos contos para nenos*”; “*Somos lenda viva*” e dous volumes de “*Cantos, coplas e Romances de Cego*” (I-II), con 5 CDs, coas voces orixinais dos centos de informantes do rural. A este enorme labor cómpre engadir a morea de conferencias, debates, charlas, mesas redondas, artigos e intervencións nos medios de Comunicación S. Universidades, Institutos, Colexios, Asociacións culturais e o apoio incondicional e constante ás asociacións socio/culturais e a todo grupo que precisara a súa colaboración. Sempre gratuíta e altruísta! Algo que soa a raro e excepcional neste individualista, materializado, consumista e globalizado mundo.

AUTENTICIDADE, FIDELIDADE, TRABALLO E.... RESISTENCIA!

Coherencia con eles mesmos. Viñeron de “*abaixo cara arriba*”. Souberon ser “*verdadeiros observadores, aprendices e artesáns*” e sempre se consideraron “*debedores agradecidos da xente da aldea*” Foron fieis aos seus principios, a Galiza e á súa sinxela e sacrificada xente; con coherencia, seriedade e autenticidade no traballo, feito a conciencia e con paciencia. Mantiveron unha *resistencia activa* en

tempos de crise e mesmo de acoso á nosa cultura, incluída a lingua. O seu inmenso e inconmensurable traballo está á vista. Entregáronse sen medida. Coa mente e co corazón. A fondo perdido! Moito máis do que aquí se mostra.. *Mini e Mero* levan desde o ano 68 (o maio francés!) data na que os coñecín e por iso o podo acreditar. Moitos anos vividos con intensidade, alegría e esperanza, sempre dispostos a traballar e co responsable *senso da gratuidade* por bandeira. Cómpre compartir gratis o gratis recibido. Hai toneladas de amor, entrega, tempo, constancia, sacrificio e de noites sen durmir. Abondan testemuñas da súa loita a prol dos valores da xustiza, da verdade, da esperanza, da liberdade, do amor...Do amor aos vellos, aos nenos, aos xoves, aos labregos e aos mariñeiros, aos obreiros do mar e da terra, aos marxinados, á muller galega (aínda sometida, marxinada e maltratada) aos emigrantes de todos os tempos. Moreas de amor á.Terra, Nai e Señora. Tampouco se lles pegou a lingua ó padal á hora de denunciar inxustizas, opresións, caciquismos, lixos, abuso dos pequenos e dos pobres, xogos sucios da política, enganos e traizóns. Outro xeito de amar! A súa música e poesía están a reverter *mensaxes positivas de vida e de esperanza*.



Aí quedan algunhas das probas destes valentes e coherentes personaxes, rapazas e rapaces que pasaron polo Grupo. Algunhas das mozas (as irmás Teresa e Chús) están desde o principio. Poucas persoas e grupos poden presentar semellante balanço de obras e de resistencia ante tantas reviravoltas que dou (e está a dar) o mundo e que aguantou a nosa sufrida Galiza. E tamén as malleiras que lle zorregaron á nosa música popular nestes corenta anos que os membros de *A Quenlla* foron/son testemuñas de excepción e pioneiros na súa defensa. As galegas e galegos (“bos e xenerosos”) que abondan no País, agradecen a vosa loita, o voso traballo, a vosa entrega, fidelidade e coherencia! Seguíde a ser sempre “*Sementadores de esperanza e de futuro*”. Que *nunca máis* sexa preciso volver a dicir ou a berrar e cantar: “*¡os tempos aínda non, non son chegados!*” Noraboa e felicidades, benqueridos amigos e amigas, de *A Quenlla*! Apertas para todas e todos. Sempre, voso tamén fiel amigo, Xesús Mato.

ESTREA DE “DESORBALLANDO OUTONOS”

Así se chama a homenaxe que o grupo *A Quenlla* rende ao poeta Xosé María Díaz Castro neste seu ano das Letras Galegas. Homenaxe conxunta coa Asociación Xermolos e a Irmandade Manuel María, así como de Alfonso Blanco Torrado -que fai a fotobiografía- e Xulio Xiz coas gravacións da voz e imaxe do autor Díaz Castro, poeta fundamental da Matria que levou Galiza á dimensión máis sublime da palabra, habitada de emocións, nacida no feliz engado dos sentimentos para acrecentar as nosas esperanzas, realidades que están por vir! Desde o simbolismo e a estética que marcan a súa obra, escollemos aqueles poemas que máis nos chamaron para facer canción. Poemas musicalizados que amosan ao autor en distintas situacións e distintos intres da súa vida, para poñerlles a harmonía recreada nos seus soños e nos nosos anceios, con voz sobre a sinfónica orquestración da Terra e no preciso poemario que máis o define. Nesta confluencia de música e palabra gozamos da súa enorme verba, pegada á xente, á natureza, á expresión viva, existencial e humana que consegue poñer máis luz

na sombra da man “da beleza que nos fire para sempre”, como el dixo nun exemplo de sentimento e arrebatado, consecuencia do fermoso estilo da aínda non recoñecida debidamente Escola Poética de Mondoñedo de Noriega Varela, Aquilino Iglesia, Leiras Pulpeiro, Crecente Vega, e tantos outros. Non esquece Díaz Castro o seu curro natal de referencia e desde aí, a nosa Terrá Chá e canda os espazos da orixe, consegue marcarlle vieiros ao tempo poñéndoo a camiñar entre Parga e Pastoriza, desorbando outonos na telúrica realidade de recantos pequenos pero concretos e arrastrar auroras que aneguen a mañá nun mar de terra verde.



Nas cancións todos os textos de Xosé María Díaz Castro, son 15:

- 1- NO RESPLANDOR (3,17)(música de Baldomero Iglesias Dobarrio, Mero)
- 2-CÁNTAME TI OUTRA VEZ (2,10)(música Xosé Luís Rivas Cruz, Mini).
- 3- BALADA DA ARAÑA (3,42)(música de Baldomero Iglesias Dobarrio, Mero).
4. COMA BRASAS (3,03)(música de Baldomero Iglesias Dobarrio, Mero)
- 5- A NEVADA(1,55)(música Xosé Luís Rivas Cruz, Mini).
- 6- CANTO DE OUTONO (5,10)(música de Baldomero Iglesias Dobarrio, Mero)
- 7- CHOVE EN GALIZA (1,44)(música Xosé Luís Rivas Cruz, Mini)
- 8- ORACIÓN POLOS TOLOS (3,34)(música de Baldomero Iglesias Dobarrio, Mero)
- 9- BUSQUEI A PRAIA (3,54)(música Mijail Ganime, Mija)
- 10-IN MEMORIAN A ANXO FOLE (5,09)(música de Baldomero Iglesias Dobarrio, Mero)
- 11- BALADA MADRUGUEIRA (2,32)(música de Baldomero Iglesias Dobarrio, Mero).
- 12-SOBOR DA TERRA CHÁ (2,43) (música de Baldomero Iglesias Dobarrio, Mero).
- 13-MYSTERIO (2,28)(música de Baldomero Iglesias Dobarrio, Mero).
- 14- O MEU NENO (1,50)(música Xosé Luís Rivas Cruz, Mini)
- 15- PENÉLOPE (2, 55) (música de Baldomero Iglesias Dobarrio, Mero).



Este disco foi gravado nos estudos do Concello de Arzúa, a quen agradecemos a súa axuda, e sendo técnico de son Francisco Cerdeira. A dirección artística correu a cargo de Mini e Mero e os arranxos de A Quenlla. Colaboraron connosco de forma desinteresada, quede aquí tamén o noso agradecemento a Xo-serra Vázquez e Richi Martín, acordeón e percusión respectivamente, na primavera de 2014.

OUCEB

OXFORD UNIVERSITY CEILIDH BAND

A OXFORD UNIVERSITY CEILIDH BAND

nacemos no Reino Unido en 2011 como unha banda folque de mozas e mozos que nun tris poñemos os pés do público a danzar ao ritmo dos nosos instrumentos.

A música que tocamos está feita á medida para bailar nun céilidh, a palabra gaélica que vén a ser sinónimo das vosas foliadas ou seráns. Dentro da banda temos persoas encargadas de ensinarlle ao público as danzas; non hai quen quede sen bailar nun céilidh.

A nosa música é un mosaico feito na súa maior parte de pezas inglesas, irlandesas e escocesas. Gozamos misturando melodías de diferentes países e engadíndolles arranxos contemporáneos. Algúns dos nosos temas teñen centos de anos, outros son máis recentes, algúns mesmo son da nosa autoría e todos, sen excepción, encaixan nos patróns rítmicos dos bailes tradicionais dos céilidhs, maiormente xigas, reels e polcas. Co trepidante ritmo das nosas actuacións acontece que, de cando en cando, o público danzante precisa un descanso. Sempre aproveitamos estes espazos para botar man dalgunha das fermosas cantigas tradicionais do noso repertorio.

Un céilidh é sempre festa asegurada para xente vella e nova. Nas illas británicas a miúdo un céilidh é unha das partes máis divertidas das festas patronais e das vodas. A nosa banda colleu sonda en Oxford e arredores pola enerxía e vitalidade do noso directo, pola boa festa que nace das nosas actuacións, e de nós teñen dito: “Grande e rigorosa calidade musical para acompañar aínda mellor festa” e “Unha banda extraordinaria, capaces de poñer a bailar a unha chea de xente”.

Desde a nosa fundación no 2011 viaxamos a Cambridge, Londres, Southampton e Stornoway (nas illas Hébridias) para

tocar, animar e armar Céilidhs. 2014 é o ano da nosa primeira xira internacional. Entusiasmo e emoción enchen as maletas da nosa viaxe a Galicia. A fascinación pola música galega comezou nas Galician sessions que arte-lla Mano Panforreiteiro en Oxford. A atracción por esta música non deixa de medrar e chegaremos con ánimo de tocar e aprender convosco máis música galega.





TRAPALLADA

é unha banda do barrio de Monte Alto na Corunha, formada no ano 2004, a súa música é unha mestura entre ska, punk e raíces, moi influenciada por grupos da terra coma “Os Diplomáticos de Monte Alto”, “Xenreira” ou “Skárnio”, e tamén con outras bandas non galegas coma “Kortatu”, “Non Servium”, “Skalariak” e un longo etc.

Comezan tocando versións ata que rematan os primeiros temas. Así no ano 2005 graban unha primeira maqueta que conta con 6 cancións propias e unha versión. A acollida é boa e comezan a traballar en novas músicas. Neste tempo únese Arno ao grupo tocando o trombón e facendo arranxos nas guitarras.

Despois de varios concertos por todo o país entran novamente no estudio para publicar “15002 Espíritu de loita” no que ademais de tres temas xa incluídos na anterior maqueta aparecen 12 temas novos. Voltan tocar por todo o país e por fóra visitando Euskadi en dúas ocasións e Asturias.

Logo dun período de inactividade a banda retoma os ensaios con cambios na formación. Entra Pablo á batería e Rafa ao saxo. No 2012 publica o ata o de agora último disco, “Pedras no camiño” cunha notable melloría tanto no son como na calidade dos novos 11 temas. Neste disco contan coa colaboración de Xurxo Souto e dun dos máis importantes músicos noveis de Irlanda, Padraig Keane.

Actualmente a banda atópase en pleno proceso de

presentación deste último disco no que conta cunha formación máis completa: Pablo (batería), Pedro (baixo), Marcial (guitarra e voces), Jorge (guitarra e voces), Martín (teclado e hammond), Inés (trompeta), Julen (trombón).



Elêctric Gozarella

Latin Funk & Boogaloo Band



E o Boogaloo era Deus..."

Isto é o que reza na Biblia musical de **ELECTRIC GOZARELA**, pero a banda é de Barcelona, (perdón, cómpre puntualizar: da PERIFERIA de Barcelona), onde iso de manter os xéneros puros endexamais se levou ben.

Así que o latin funk, o mambo, o chachacha, o funk pandilleiro, o latin disco,... ou sexa toda esa música de ida e volta que saíu de África, pasou polo Caribe e che-



gou a Norteamérica onde se lle deu un sentido urbano, sempre ben recibidos. Iso sí, sempre que sexa música que se poida escoitar e sobre todo bailar. Porque un dos seus preceptos é: **“Que sempre haxa Groove”**, como diría o gran Ray Barreto.

Amáis porque Electric Gozarella están premeditadamente comprometidos co baile e con pasalo ben, pero tamén con todo o que pasa ó seu arredor, onde un non pode evitar sentir esa **“Rabia Contra a Máquina”**. Nembargantes, teñen claro que de todo o malo que está pasando vai saír algo positivo, emporiso nas súas letras dino alto, claro e con moito ritmo, para bailar pero sen deixar de pensar.

Outra das súas pautas é que o grupo está por riba dos músicos. Porque cada un dos compoñentes desta banda leva moitos anos nisto con grupos de primeiro nivel e xirando por todo o planeta, o que lles fai darse conta de que por riba de todo, o que inza é paixón pola música.

Na formación hai batería, percusión, baixo, guitarra, teclado, cantante e polo menos dous ventos, e aínda que economicamente non funcione, musicalmente sempre o fai.

Iso puido comprobarse na cincuentena de concertos que xa levan, dende a súa proposta vital e gozosa é imposible estar coma moitos neste país, parado.

Xa teñen listo o seu primeiro disco con oito composicións propias y una versión. Un disco que seguro va a sorprender.

Vale, seguen emitindo Boogaloo desde Barcelona para o mundo, pero como dicíamos, non se cortan en mesturar ese estilo, xa de por si suma de estilos, con outros. Con dicir que a versión elexida para o seu disco é o clásico *Black is Black* que Los Bravos fixeron famoso, pero en clave latin chachachá yeyé.

Benvidos ó barrio, ou mellor dito **“COME TO EL BARRIO”** se te atreves... pero A BAILAR!!





RADIO COS

naceu no ano 2005 na cidade da Coruña da man de Xurxo Fernandes e Quique Peón. Cantantes e percusionistas do grupo, eles son dous referentes no eido da investigación etnográfica en Galiza. As melodías utilizadas neste proxecto pertencen aos seus arquivos de gravacións de campo, traballo que levan facendo por todo o país desde hai máis de trinta nos.

Compoñentes do grupo:

Quique Peón: Voz, pandeireta, maracas, bombo, crócalos, triángulo.

Xurxo Fernandes: Voz, pandeireta, pandeira, bombo, prato turco, lata.

Nikolay Velikov: Violino.

Xan Pampín: acordeón.

Pedro Lamas: Gaita, saxo tenor e dulzaina.



Orixe das músicas

Todas as melodías empregadas nas pezas do repertorio do grupo foron directamente recollidas da tradición oral mediante gravacións de campo feitas por toda a xeografía galega por Henrique Peón e Xurxo Fernandes.

Por outra banda rescatáronse músicas totalmente esquecidas e revisáronse e puxéronse en valor outras cancións populares que precisamente por estar tan extendidas non teñen un valor recoñecido.

Evolución

Mesturando a sonoridade máis arcaica con outros elementos tirados da propia tradición, temos unha evolución nacida de modo endóxeno.

Noutros casos tamén se utilizan outros sons de raíz, tirados doutras tradicións, que polas súas características fan unha maridaxe perfecta coa nosa música.

RADIO COS ten actuado en toda Europa dende os seus comezos: Bruxelas. (2005. Lorient (2010), Liverpool (2011), Leeds. Edimburgo. Bretaña, e nos festivais de todo o país.





Debutou no 2007 cun álbum aclamado pola crítica, gañando o premio ó mellor álbum de música tradicional da revista “The Irish World” de Reino Unido e o premio ó mellor violín da Asociación americana de música irlandesa, e un dos dez mellores discos folk do ano pola revista MOJO tamén no 2007

Foi nominada para o premio de mellor solista nos premios irlandeses da música de 2011 e no 2012 concedeu-selle o premio á intérprete musical do

2012 nos premios da música irlandesa en vivo. Os seus tres discos en solitario deron a volta a todos os continentes.

A súa música aparece no programa “Irlanda en cancións” que se proxecta nos vóos transatlánticos de Aer Lingus.

Además de extensas xiras co seu grupo, Niamh no 2011 lanzou o álbum “The Basque Irish Connection” en colaboración co músico vasco Ibon Koteron.

Actúa esporádicamente con Riverdance e lidera talleres e clases de violín e acordeón. Tocou para varios presidentes e personalidades da realeza.



DISCOGRAFÍA:

Cuz – A Tribute to Terry “Cuz” Teahan	Niamh Ní Charra	2013
Beginner’s Guide to Ireland 2012	Various	2012
A Stór mo Chroí – Irish songs of Love and Loss	Various	2011
The Basque Irish Connection	Niamh Ní Charra, Ibon Koteron	2011
Súgach Sámh / Happy Out	Niamh Ní Charra	2010
Celtic Colours Volume XIV	Various	2010
San Patricio	The Chieftains	2010
Alborado Do Brasil	Carlos Núñez	2009
Irish Folk Festival Rainbow Expedition	Niamh Ní Charra/Liadan/Beoga	2008
Experience Ireland	Various	2007
Ón Dá Thaobh/ From Both Sides	Niamh Ní Charra	2007

A irlandesa **Niamh Ní Charra**

(Acordeón, Violín, Voz, Directora Musical, Coordinadora) é de Killarney e principiou a tocar á temperá idade de 4 anos. Gañou múltiples premios, tanto na categoría de violín como na de acordeón. Estivo de xira dende 1998 ata 2006 como solista con Riverdance, antes de volver a Irlanda onde vive agora, intervindo en máis de 2.500 concertos ó longo de todo o mundo. Amáis, colaborou con artistas como os Chieftans ou Noel Hill e coa banda de Carlos Nuñez.

Yacine & THE ORIENTAL GROOVE



Para quen non o saiba Yacine Belahcene Benet foi o fundador e líder de Cheb Balowski, banda mítica de son “arabo / balcánico / mestizo” da Barcelona de finais dos 90. A continuación natural daquel proxecto foi “Nour”, un grupo que tamén mesturaba sons do Mediterráneo, bandas que xiraron extensamente por España e Europa, con incursións nos países árabes.

Yacine reinvéntase unha vez máis con **Yacine & the Oriental Groove**, un combo multicultural dirixido por Yannis Papaioanou, laudista grego afincado en Barcelona.

Xuntos fixeron o ano 2011 o disco “Parábolic”, traballo que se podería definir como “folclore do ciber-espacio”. Presaxiando revoltas e movementos na beira sur do Mediterráneo, era un compendio de cancións pasadas polo “turmix” dun son urbano moi potente.

O novo traballo de Yacine & the Oriental Groove, que leva o nome de “La estima vence el lado salvaje” continúa e madura esta liña. Co núcleo dos Oriental Groove xa consolidado este disco, producido gracias a un crowdfunding con Verkami (o que demostra a lección de seguidores que ten Yacine non só en Cataluña) incorpora unha produción máis elaborada, con colaboracións de músicos gregos, alxerinos e un cuarteto de corda.

Música de aquí e de todas partes, electrónica e folk alxerino; pop occidental e melodías de Grecia; funk e polirritmia que crean unha paisaxe de sons onde o único que non cabe son os discursos fáciles nin os -xa manidos-tópicos sobre a multiculturalidade.

A época cambia: Yacine e os seus músicos maduraron e xa non son tempos de “discursos baleiros”, son tempos de explicar



a realidade persoal a partir de cancións como “Ténére” que fala de amor e guerra, ou “atini Boussa” (“Dáme un bico”) que fala de liberdade persoal e de aportar unha mensaxe positiva en tempos difíciles.

Yacine Belahcene (Voz) e Yannis Papaioanou (laud) dirixindo á **Oriental Groove**:

Jordi Herreros á batería

Bernat Guardia ao baixo,

Oscar Ferret aos teclados

Aniol López nas percusións

Concerts Yacine & The Oriental Groove

- 16/07 Jazzbah de Ciutadella (Menorca)
- 17/07 Es Claustre de Maó (Menorca)
- 18/07 Lavapiés Diverso (Madrid)
- 19/07 Balatonielle (Hongría)
- 20/07 Balatonielle (Hongría)
- 01/08 Santiago de Compostela (Galicia)
- 02/08 XXXV Festival de Pardiñas (Galicia)
- 29/08 Acústic a la terrassa del restaurant de l'Associació Alba (Tarrega)
- 27/09 FIMPT (Vilanova i la Geltrú)

GUACHOS

O seu segundo disco “Pago” foi elixido
DISCO DO ANO pola Revista Rolling Stone
Argentina (Xaneiro 2014):
“O rock folclórico destes formoseños trascende a
fusión reduccionista dese rótulo”.

“Pago” na Revista Rolling Stone (Maio 2013):

“Unha banda soberbia do gran norte arxentino alumea unha promesa de renovación agochada. ‘Pago’ sona a invasión de cores, un ruído fresco de mesturas que exploran a raíz folclórica con autoridade rockeira: a chacarera é a matriz dos estoupidos eléctricos, sumada á vibración progresiva a puro violín desatado. Hai paisaxes federais, cantos de guerra e dozura para falar de amor”.

Cobertura de show por La Calaca Revista de Rock (Novembro 2013):

“Desa calma coa que comencan os seus temas, todo transformouse nun alud de folklore e Patria. Guauchos é heavy-metal en mans de Atahualpa, a punto de estoupar nunha dirección moi definida. Cando Guauchos galopa, só queda enroscar o poncho no brazo, axustar a tacha e deixar que ese zonda telúrico te atropelle”.

Guauchos inaugurou un novo son no rock nacional arxentino. Nacidos no noreste de Arxentina (Formosa), Guauchos combina elementos do rock con ritmos da chacarera, a zamba e a guaraña típicas da súa rexión. A súa rítmica en contrapunto coa melancolía poética das súas melodías, inaugura en Guauchos un sendeiro musical propio, potente, vital e de profunda identidade.

As letras con sabor a terra como mística Yupanqui e a introspectiva nostálgica que tanto caracteriza a música arxentina, atópanse entre as súas cancións. O seu son está tinxido de psicodelia pola influencia das paisaxes, climas e costumes que se viven no norte arxentino, manifestándose cun show en vivo cargado de contundencia e personalidade que os afianza como representantes dunha escea federal arxentina.



ENCOL DOS GUAUCHOS:

Os seus primeiros pasos no 2005 implicaron grabacións das súas cancións de natureza folclórica con presentacións en cidades como Formosa, Resistencia, Corrientes, Santa Fe, Paraná e Capital Federal. Despois de anos de traballo rematan o 2010 coa edición do seu primeiro material discográfico a nivel nacional da man de OuiOui Records. O disco (homónimo) conta con doce cancións e foi grabado nas cidades de Formosa e Buenos Aires.

Actualmente Guauchos está presentando o seu segundo disco lanzado de forma independente en Agosto do 2013 co nome “Pago”, que foi elixido DISCO DO ANO pola Revista Rolling Stone na edición de xaneiro de 2014. O lanzamiento levíunos a unha xira de presentación por 12 provincias de Arxentina e Paraguay.

Para chegar ó son de “Pago” as cancións pasaron por unha etapa previa de procesamento na súa provincia de orixe. Experimentaron con micrófonos holofónicos rexistrando ambientes e sons coa intención de profundizar a fusión entre o rock folclórico e a psicodelia, en once cancións con esgrevios convidados como Horacio e Cristian “Mono” Banegas, Sebastián Schachtel (Las Pelotas), Marina Fages, Chacho Ruiz Guiñazú e un equipo técnico onde se remarcan Mario Breuer, Mariano Bilinkis e Alejandro Pensa.

Con 9 anos de traxectoria, Guauchos participou dos Festexos do Bicentenario en representación de Formosa; no Festival Corrientes Rock, nos programas Vivo en Argentina e Ecos de mi Tierra para tocar nos estudos da TV Pública. Participaron do ciclo ReFa (Rock Emergente Federal Argentino) transmitido polo CANAL ENCUESTRO. Foron nominados ós PREMIOS CLARÍN como Artista Revelación 2011. Formaron parte da delegación oficial arxentina do WOMEX (mercado internacional de músicas do mundo de orixe étnica en Copenhagen). Participaron do ChamaRock na 23ª e 24ª edición da Festa Nacional do Chamamé da provincia de Corrientes e no Festival Internacional de Folklore de Buenos Aires (FIFBA). Participaron no festival de rock máis importante de Arxentina, Cosquín Rock, en febreiro en Cosquín, onde compartiron escenario cos artistas máis influíntes do país e de América do Sur, como Catupecu Machu, Las Pelotas, Charly García, Divididos e Calle 13.

En marzo, foron convocados polo prestixioso ciclo “Música en el Salón Blanco” que organiza Presidencia da Nación na mítica Casa Rosada de Buenos Aires e polo que desfilaron figuras como Mercedes Sosa, Luis Alberto Spinetta e Gustavo Cerati, entre outros e recibiron unha distinción polo show realizado en nome da presidenta da Nación Arxentina.

Actualmente, están nominados ós Premios Carlos Gardel á Música, os máis importantes que se entregan en Arxentina á industria discográfica.

INTEGRANTES: Federico Baldus (voz e guitarra) Lucas Caballero (guitarras, voces) Juan Miguel Castellani (guitarra rítmica) Albano Caballero (baixo) Juan Manuel Ramírez (batería percusión e efectos) Músico convidado: Matías Romero (violín).

NUEVO FOLKLORE LATINOAMERICANO
DESDE ARGENTINA
GUAUCHOS

JUEVES 24.07 ASOCIACION CULTURAL EN CUADRA Gumiel de Izán BURGOS	MIERCOLES 30.07 BAMAKO NAR Hondarribia PAIS VASCO
SABADO 26.07 ARTE ARANDA Aranda de Duero BURGOS	JUEVES 31.07 BOIRO GALICIA
DOMINGO 27.07 LA FIDULA MADRID	SABADO 02.08 SALA GARIFA, A CORONA GALICIA
LUNES 28.07 BEASAIN PAIS VASCO	DOMINGO 03.08 FESTIVAL DE PARDINAS GALICIA
MARTES 29.07 BAMAKO NAR Hondarribia PAIS VASCO	LUNES 04.08 OFETOMAN / SGO. DE COMPOSTELA GALICIA
	MARTES 05.08 ILLA DE AROUSA GALICIA

MAMFOPRETA
MOUSTACHEMUSIC
TITAN MUSIC
LAGUNAK Produccións Creativas

GIRA EUROPA 2014 JULIO AGOSTO

OS DIPLOMÁTICOS de MONTE-ALTO

1994/2014 , XX ANOS DE BRAVÚ

por XURXO SOUTO

“No verán o sistema é comer churrasco, no inverno o sistema é comer cocido”, palabras do dono de “El Caballero”, taberna farturenta da aldea de Viana, coñecida por motivos obvios como “O Sistema”. Como era inverno, evidentemente, ceamos cocido.

1 de novembro de 1994, vésperas do II Castañazo Rock. Convocados polos Rastreros aló chegamos: de Lourenzá os Skornaboís, de Vimianzo os Impresentables, dende Ponteareas o Caimán do Río Tea, da Coruña os Papaqueixos, os Bochechiñas dende Vigo, de Monte-Alto os Diplomáticos. E até apareceu Manolo Rivas, un chisco tarde, pero con desculpa. Conforme aterrou o seu avión transatlántico dende México, colleu dirección Chantada.

Galiza estoupaba en rock & roll. Todos sabiamos de Negu Gorriak no País Vasco, ou de Mano Negra en París. Mais os Skornaboís de Lourenzá non tiñan noticia dos Impresentables de Vimianzo, e viceversa. Afortunadamente os Rastreros decidiron superar tanta incomunicación.

A carne prestou e nos brindes, mollada en licor café, agromou a palabra talismán *bravú*. O cheiro da carne do monte, sen castrar. Metáfora do que queriamos facer, música do noso tempo mais cun cheiro definitivo do lugar onde nacemos.

E aconteceu algo extraordinario. Inmediatamente houbo grupos “bravús”, grupos “anti-bravús”, grupos que eran e logo non foron, grupos que non eran e que logo viñeron a este retroso.

Un brinde dun grupo de rapaces que foi quen de incidir niso que se chama “cultura”. Un fato de xente nova reunidos, non nunha cafetería da Coruña, nunha asemblea de estudantes en Santiago, ou nun pub de Vigo, senón no entorno marabilloso da taberna do “Sistema”, a converter a aldea, por primeira vez, no centro do mundo.

Insisto, un exemplo de esperanza dende a xente para mudar a realidade, tamén en materia de música. Por iso, vinte anos despois, quero expresar a felicidade extrema que me deu o bravú. E sobre todo proclamar aquí, en Guitiriz, a gratitude infinita que sinto polos homes e mulleres de Xermolos. Co seu esforzo crearon o mellor festival de Galiza. E ofrecéronolo xenerosos para poder compartir este berro de tanta vida.

Repítese o privilexio, este domingo Os Diplomáticos de Monte-Alto volvemos a Pardiñas. Soño cumprido. Agora si que se van celebrar en condicións os XX anos do bravú!

E de remate... -xa o dixó Alexandre de Fisterra, inventor do futbolín- que continúe! Só agardo que unha nova formada de rapazas e rapaces volvan xuntarse onde lles pete –e nomeadamente en Pardiñas-, decididos a deixar de ser espectadores, e converterse en verdadeiros protagonistas do seu tempo. Afortunadamente somos un pobo de artistas, e nesta fin do mundo temos paixón a oito –tamén no terceiro milenio- para tronzar o Universo.

Paco Ja, xermolo redondo, hai vinte anos escribiu:

Fun a Parga e Guitiriz

Guitiriz e máis Teixeira

Hoxe fun ao mundo enteiro!



Os Diplomáticos de Monte-Alto



Elixiron un nome que soaba a orquestra e de apelido un barrio, o de Monte Alto. Sucedeu hai máis de vinte anos nun rincón do Atlántico, A Coruña. Levaron o seu berro atlántico máis alá de Pedrafita, Portugal e Francia. Fixeron bailar aos nenos do Xabarín Club. Foron os pioneiros do Rock Bravú. Neste 2014, volven xuntarse outra vez, como din “facémolo por amor“, para voltar aos escearios e celebrar o XX aniversario do Bravú.

Tanta paixón, quén poderá detela?

Os Diplomáticos de Monte-Alto volven a Pardiñas. Son un grupo de música rock do barrio de Monte-Alto (A Coruña) e é un dos máximos representantes do movemento bravú. Teñen un son propio e único marcado polo uso do acordeón como instrumento principal, ademais de influencias ska, punk e folk. Alá no 1990 integrábanos: Xurxo Souto: voz, Rómulo Sanjurjo: acordeón, Juan Varela Guni: guitarra, Toni Simões: baixo, Berto Moram: batería, Mangüi Martín: baixo, e Marcos Viascón: batería...

Máis tarde integráronse: Xavier Alonso: batería, Lola de Ribeira: percusións, voz, Manolo Maseda: voz, acordeón. Xa estamos a falar da súa traxectoria.

No 1989, Rómulo Sanjurjo e Xurxo Souto, ata entón compoñentes do grupo folk Belida, que actuaron no XI Festival de Pardiñas (1989), foron chamados para compoñer unha sintonía para a radionovela Os frigoristas, emitida pola Radio Galega. Xuntáronse co guitarrista Juan Varela “Guni”, o baixista Afonso Moram e o batería Berto Moram, gravando unha maqueta de tres cancións baixo o nome de Rómulo Permui e os Diplomáticos de Monte-Alto. A gravación incluía a sintonía seleccionada para a novela, unha arriscada versión do tema popular “Non chas quero”.

No 1990 a banda consolida a súa primeira formación estable, con Souto, Sanjurjo, Guni, Berto Moram e o baixista Toni Simões. O 1 de xuño realizan o seu primeiro concerto no Porriño. Desde ese momento son chamados a colaborar en varios programas da TVG e gravan unha segunda maqueta con tres cancións. Moram e Simões abandonan o grupo, sendo substituídos por Mangüi Martín ao baixo e Pulpiño Viascón á batería.

Primeiros discos

En 1991 o grupo grava o seu primeiro LP, Arrouxada Pangalaica, editado polo selo DRO e producido pola Fundación Resentidos (fundada por Antón Reixa, Alberto Torrado e Xavier Devesa). Neste disco Os Diplomáticos xa mostran un característico son de rock alegre, con ritmo arroutado e constante presenza do acordeón. Comezan a xira Cajo na gripe, cajo na tos, dando máis de 40 concertos por España e Portugal. Neste ano, no XII Festival de Pardiñas, transmiten toda a súa forza nas carbaileiras do Balneario.

No 1992 o grupo inicia unha nova xira, 14 pezas bravas, cun repertorio totalmente novo. Nos concertos da mesma, solicitábase aos seguidores que aportasen letras para o novo traballo discográfico da banda.





O segundo álbum do grupo, Parrús, ve a luz en 1993, a través do selo Fonomusic e baixo a produción de José Puga. Este disco presenta un son notablemente máis agresivo có predecesor, sendo o álbum do grupo con matices máis duros. Tralo seu lanzamento, iniciase a xira Kontra o mundo, que se prolonga ata o seguinte ano. Nese 1994 Os Diplomáticos levan a cabo diversos proxectos: gravan o documental musical Fillos de pita (dirixido por Fran Pego) e encárganse da produción executiva do recompilatorio Unión Bravú, que serve de soporte ao coñecido como movemento bravú. Ademais, gravan dous temas para o primeiro disco da serie A Cantar con Xabarán do Xabarán Club.

No XV Festival de Pardiñas (1994) sentiuse a amizade de Xermolos e o grupo, en concreto, Xurxo Souto, que mesmo dedican o novo disco a varios colectivos, entre eles a Xermolos, e contén a canción “Guitiriz”, letra de Paco Ja, que consideramos o himno de Pardiñas.

En 1995, é de novo Fonomusic quen publica o terceiro disco dos Diplomáticos, ¡Avante toda!, producido por Kaki Arkarazo e considerado por moitos seguidores como o mellor disco da banda. Nel móstrase un son máis lixeiro co do anterior álbum. O grupo realiza unha xira co mesmo título, con especial éxito no País Vasco. En medio da xira, xa en 1996 o batería Marcos Viascón deixa o seu posto, sendo substituído por Xavier Alonso. Durante eses anos Os Diplomáticos comezan unha relación persoal e profesional co músico Manu Chao, que dá pé a proxectos como Los Tres de Monforte (Chao, Sanjurjo e Josito Pereiro).

En 1997 o grupo realiza unha nova xira, Fumareu, consistente en concertos acústicos en pequenos recintos. Esta remata coa edición do libro Fumareu, escrito por Xurxo Souto e que inclúe o CD Fumareu-Sesión de cámara, publicado por Xerais. Neste ano, a banda colabora de novo en diversos proxectos culturais, destacando a revista Bravú, o festival A feira das mentiras (en Santiago de Compostela) e o recompilatorio pola oficialidade da lingua asturiana, L’asturianu muévese.

Durante 1998 Os Diplomáticos céntranse na preparación do seu próximo disco. Tamén realizan a gravación O pregón de Monte-Alto, editada xunto ao libro Toxos e flores do escritor, grande amigo e colaborador do grupo Manuel Rivas.

En 1999 aparece o cuarto disco de estudio, Capetón, nesta ocasión producido polos membros do grupo Rómulo e Guni. Este disco toma por tema central a vida e as historias do mar (“Capetón” é o nome que os mariñeiros galegos daban a Cidade do Cabo, Cape Town), o que supón un xiro radical con respecto ás letras humorísticas, irónicas ou surrealistas que caracterizaban ao grupo. O cambio de orientación tamén é considerable no musical: as cancións festivas e alegres deixan paso a pezas de maior seriedade e madurez. Destacan a utilización puntual de instrumentos como a gaita e o violín e

a colaboración de varios músicos e amigos da banda. Á publicación do disco síguelles unha intensiva xira co mesmo título. Durante o ano, incorpórase ao grupo a percusionista e vocalista Lola de Ribeira.

En 2000 varios membros do grupo inician proxectos paralelos. É o caso de Transportes Hernández y Sanjurjo (con Rómulo Sanjurjo e Julián Hernández de Siniestro Total) e Terra Terremota, formado por Xurxo e Guni.

En 2001 prodúcese un feito determinante para o futuro do grupo, coa retirada do mesmo do seu cantante e líder Xurxo Souto. Xunto a el vaise o baixista Mangüi Martín. Os Diplomáticos seguen adiante coas incorporacións de Manolo Maseda como vocalista e Toni Simões, quen xa estivera nos inicios en 1990, como baixista.

Durante o seguinte ano prepárase e grávase o disco Kömunikandø, que publica o selo BOA a principios de 2003. Nel, por primeira vez aparecen co nome acortado a Os Diplomáticos. Este disco, como puidemos escoitar no XXIV Festival de Pardiñas, ten moi pouco que ver con toda a traxectoria anterior do grupo, sendo moi notoria a baixa de Xurxo Souto como cantante e sobre todo como principal compositor das cancións. En Kömunikandø, estas toman novos ritmos (algúns deles de influencia tropical), o acordeón perde algo de protagonismo en favor dunha sección de vento metal, e a temática de boa parte das letras é por primeira vez de crítica social directa.

En 2005, o grupo anuncia mediante un comunicado de prensa a súa decisión de acabar coa súa traxectoria. Para despedirse, realizan unha última minixira durante o verán, cun último concerto no barrio de Monte Alto que os viu formarse.


En 2007 editouse 120 capadores, un disco-tributo con versións de vinte e unha bandas e con catro temas inéditos dos Diplomáticos. No 2010, coincidindo co 20 aniversario da formación da banda, deron concertos en Allariz e na Coruña coa formación orixinal, xunto con O Jarbanzo Negro. En novembro de 2012 a formación volve xuntarse no festival de música bravú de Chantada “Castañazo Rock”

Discos:

- > Arroutada Pangalaica (Dro, 1991)
- > Parrús (Fonomusic, 1992)
- > ¡Avante toda! (Fonomusic, 1995)
- > Fumareu - Sesión de Cámara (Edicións Xerais de Galicia, 1997)
- > Capetón (Fonomusic, 1999)
- > Kömunikandø (Boa, 2003)

Participacións en recompilatorios:

- Gaitas, flautas y otras hierbas (Dro, 1992)
- A Cantar con Xabarín (Boa, 1994) (tema “Fura fútbolín”)
- Unión Bravú (Edicións do Cumio, 1994) (tema “Platinos”)
- Puro Skanol 3 (editado só nos EEUU, 1995)
- ¿Dónde estabas tú? Rock galego (Dro, 1996)
- L’asturianu muévese (L’Aguañaz, 1997) (tema: “Gaiteru”)
- Radical mestizo, vol. 1 (Fonomusic, 1999)
- Radical mestizo, vol. 2 (Fonomusic, 2000)
- 10 años de independencia (L’Aguañaz, 2003) (tema: “Gaiteru”)





BLOQUINHO DE XERMOLOS

Outro ano segue transmitindo coa súa música as arelas do noso pobo, só imos reseñar algunha que mostran a súa enerxía. Bloquinho converteuse na expresión do sentir colectivo da nosa xente, en Guitiriz e por todo o país. Non imos pasarnos enumerando as moitas intervencións do 2013-14, só imos remarcar as de outubro, comezo de curso, despois de Pardiñas, e que son un reflexo do que ven despois.

Xa é un clásico nas festas do San Froilán as máis grandes da provincia, e as rúas de Lugo volveron a vibrar cos seus ritmos. Por certo, unhas celebracións que contaron cunha presenza de Xermolos importante: os nosos artesáns como Ramón de Pardiñas, Marcos Ladra, etc., a intervención do noso Coordinador, Alfonso Blanco, transmitindo con outros lucenses no Circulo das Artes, a súa ollada ó San Froilán de fai 50 anos.

O 18 seguiron estreitando vencellos co equipo do Azkar, convidados a animar os seus encontros, inxectando forza ós xogadores e ás gradas, para seguir colleitando triunfos e estimulando o deporte.

Ó día seguinte cambiaron as tornas e Bloquinho foi animar a manifestación de Baamonde en contra do cambio de trazado do Camiño Norte que vai a Compostela. Xermolos puxo a música: o gaiteiro Xosé Antón Arias e animou ó Bloquinho... Porén recibimos esta misiva de Helena, a coordinadora da Asociación que está a loitar por esta etapa do Camiño: *“Creo que la manifestación fue un éxito. Había unas 400 personas (según cálculos oficiales y oficiosos). Pero no habría sido tan buena si no estuviera el gaiteiro y los componentes de Bloquinho. La verdad abusamos un poco de ellos pidiendo que tocaran varias veces pero fue por una buena causa. Por favor, dales las gracias de nuestra parte. Gracias también a Xermolos. Um abraço, Helena.*



CUADERNOS DEL SUR

PREMIO NACIONAL DE FOMENTO DE LA LECTURA



XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO

El 'Día das Letras Galegas' rinde homenaje este ano ao autor de 'Nimbos'

LUGO

Díaz Castro está de moda en Guitiriz

El documental sobre el poeta se proyecta de nuevo el sábado por el interés de gente que no pudo verlo ayer


XOSÉ MARÍA PALACIOS

Vilalba 20 de febrero de 2014 19:28



FOTO SUSO

Uno de los comentarios que realizaba anoche Alfonso Blanco, coordinador de la Asociación Cultural Xermolos, en la jornada de homenaje a Xosé María Díaz Castro en el centenario de su nacimiento era la afluencia de p...



DiariodeFerrol.com

PORTADA FERROL COMARCAS GALICIA ESPAÑA MUNDO ECONOMIA SOCIEDAD DEPORTES OPINIÓN

"Díaz Castro provoca emoción e sentimento, e a mocidade o nota"

ENTREVISTA NICOLÁS VIDAL | Actualizado 05 Junio 2014 - 01:30 h.

Comparte:

Me gusta 3

Twitter 8

+1 0

Más opciones

Vota esta noticia:

★★★★★

Más acciones:

Imprimir

Enviar email

Ampliar texto

Reducir texto

Cando remate o ano, o escritor, profesor e crego Alfonso Blanco levará dado máis dun cento de charlas sobre a vida e obra de Xosé María Díaz Castro, de quen foi entrañable amigo e testamento. A próxima será hoxe, ás 20.00 horas, na Casa da Cultura de Ponte deume nun acto organizado polo Ateneo Eurnés.

¿Cantas presentacións leva feitas este ano para falar do seu amigo e admirado Xosé María Díaz Castro?

A día de hoxe pasan dos oitenta e cando remate o ano será un cento delas, pero estou encantado.

¿Que sensacións lle transmite o público?

Unha emoción enorme. Sobre todo a mocidade. O outro día falei diante de 200 escolares e había que ver o respecto e o interese polo traballo de Díaz Castro. Hai que ter en conta que na súa obra hai unha valoración da terra, da paisaxe, da lingua e da cultura máis cotiá, máis a pé da xente. E iso provoca unha autoestima no noso pobo que os mozos perciben. Pero non só eles, tamén falei en hospitais ou en cárceres –en Bonxe e Teixeiro–, e todo o mundo enchoupase desa dignidade do poeta.



O incansable divulgador vai camiño do cento de charlas sobre o poeta

EL PAIS

GALICIA

Guitiriz se rinde a Díaz Castro

La localidad natal del poeta homenajeado el Día das Letras Galegas proclama que la "luz" de Galicia "no se va a desvanecer"

17 MAR 2014 18:37 CEST

Actualizado en: Día das Letras Galegas, Guitiriz, Galicia, Provincia Lugo, Mondo, Galici, Lengua, España, Literatura, Cultura



Foto de Homenaje a Díaz Castro en su localidad natal de Guitiriz

El pueblo de Guitiriz, en Lugo, ha rendido tributo hoy a Xosé María Díaz Castro (1914-1990), autor homenajeado en las Letras Galegas de este 2014, a quien ha prometido que "esa luz" con la que "Galicia es más hermosa" –en palabras del presidente de la asociación cultural Xermolos, Alfonso Blanco Torrado– "no se va a desvanecer". En el acto institucional a cargo de la Junta de...

LUGO

Díaz Castro, un século de ouro en Guitiriz

O poeta foi lembrado con actos variados no día no que se cumprían cen anos do seu nacemento

XOSÉ MARÍA PALACIOS / SUSO PENA

Guitiriz 19 de febrero de 2014 23:16

5 votos



FOTO SUSO

Anterior Siguiente

A *lus do mundo* é o título dun documental dirixido por Xosé Antón Cascudo: céntrase na vida e na obra de Xosé María Díaz Castro, e proxectouse esta noite en Guitiriz, como un dos actos de homeaxe ao poeta, nado hai cen anos. Un século despois, esa luz que sae dos versos de *Nimbos*, único libro de poemas publicado polo autor, non só non esmoreceu senón que conserva toda a súa potencia. Por outra banda, os actos celebrados na vila, que comezaron xa pola mañá, amosaron que o interese polo poeta protagonista do vindeiro Día das Letras Galegas vai máis alá do protocolario.



FOTO SUSO

SABER MÁIS...

Guitiriz Xosé María Díaz Castro

Día das Letras Galegas 2014

UN ANO MÁXICO

Dende o 21 de San Xoán do 2013, o solsticio de verán, o día no que a Real Academia Galega decidiu dedicar o ano 2014 ó noso poeta Xosé María Díaz Castro, esta lumeirada non fixo máis ca intensificarse e envolveunos de tal xeito que en Xermolos hai un antes e un despois desa data. Dende que a nosa Asociación naceu, fomos conscientes da fortuna estética do noso poeta, e da obriga de espallar os destellos da súa obra. Había unha distancia tremenda entre o autor e a súa Terra, costounos superala... Endexamais pensamos que se puidese ser tan desagradecido con alguén que cantou dun xeito sublime a nosa comarca.

Loitamos pola súa rehabilitación entre nós, en toda Galiza e fóra, dende a publicación dos primeiros libros sobre él, o colectivo HOMENAXE A X.M. DÍAZ CASTRO, no que colaboraron as e os escritores máis esgrevios, e tamén o ensaio *A ascensión dun poeta* do noso coordinador Alfonso Blanco Torrado, que levou o Premio Anxel Fole de ensaio. O profesor de Deusto Xosé Estévez nunha conferencia na Facultade de Letras de Gasteiz, en Euskal Herría, o 14 de maio, e o 26 de xuño en Errenteria, verificou: "Afonso Blanco, alma mater da Asociación Xermolos, que custodia o seu legado literario como un auténtico tesouro. Afonso foi o seu primeiro biógrafo e teimudamente dedicouse a espallar a súa obra".

A vida de Xermolos medra co libro, a biblioteca foi a súa primeira actividade, e quixo o destino que a primeira xuntanza que tivemos para crear a Asociación fose un 24 de outubro de 1976, cumpreamos de Xermolos, que despois converterían, non pola nosa culpa, ben entendido, Día Internacional das Bibliotecas, e a celebración de Díaz Castro nace deste manancial. O poeta pasaba horas na nosa biblioteca e dende aquí o resucitamos, pois para moit@s xa morrera.



Alfonso intervindo na Real Academia Galega



Alfonso na proxección de A Lus do Mundo no IES de Ponteceso

Todo o ano foi unha mostra da inmensidade de Xosé María Díaz Castro. A súa forza expresiva provocou esta fervenza de todos os sentidos: a súa palabra alta e clara como as augas puras do Río Parga, o son dos seus versos coma a música de pinos dos cordais da Terra Chá, as imaxes do seu andar vagaroso polos camiños esquecidos da súa Terra, o tacto co que acariciamos os trazos dunha personalidade sen límites que transcendendo as súas raíces, permiten saborear a súa palabra inmorrante.

Este horizonte xa estaba perfilado fai anos, agardando esta hora venturosa de festexar os seus cen anos de vida. Fieis ó autor non queremos enredarnos con modas e convencionalismos, ou datas sinaladas e obrigadas polas administracións.

Ficamos na cerna díazcastriana que abrolla da autenticidade da súa arte, porque “a beleza feriu-me para sempre”.



O CLÍMAX DO SEU CENTENARIO

Festexamos os cen anos do poeta coma el adoitaba: elaborando con arte a expresión deste evento, depurando das manipulacións e intencións retortas dos que queren aproveitarse da súa palabra para escurecela e machucala cos seus protagonismos e individualismos...

Xermolos fixo un longo percorrido con Díaz Castro dende comezos dos 80, o que lle permitiu aprender quen apostou pola súa obra e nobreza, mesmo naqueles anos nos que el mesmo valoraba no colectivo estes avatares. Xa sospeitábamos

que as e os oportunistas ían querer mancillar este cumpreanos..., aquelas e aqueles que pecharon os oídos ós seus versos cando celebramos os 25 anos de Nimbos, ou naquel recital do 84 tan desexado pola súa veciñanza ou ningunearon á súa concepción da poesía naquela conferencia o 20 de maio do 86, ou ás súas intervencións na presentación do libro de Manolo Silva ou do seu propio video producido por Ophiusa na Semana do Video de 1988, e algunhas outras. Só a mocidade e as nenas e nenos convertíronse no seu auditorio. Emporiso era feliz sentíndose acompañado deles e buscábaos cada día en Xermolos, no Campo da Feira, etc.

Canto lle costou a Xermolos mobilizar ó persoal para a súa homenaxe no seu derradeiro treito, o 21 de abril de 1990.

AS LETRAS, SEMPRE

Convencidos de que Díaz Castro é unha fortuna para saber orientarnos na vida, porque aprendimos del que compre agradecer, cada amencer, a vida que nos dan, esta paisaxe, os elementos naturais que nos permiten respirar, os nosos antepasados, a xente que queremos e a que nos acompaña no noso camiñar cotián .

A documentación que Xermolos deixou a algún investigador, foi traspasada a outros que nin sequera citan as fontes, que ignorando a Díaz Castro cando camiñaba preto deles, agora suben á moqueta para medrar eles mesmos.

CHEGAMOS A TODO O PAIS

Colaboramos con todas as institucións do país facilitándolles materiais que temos arquivados na Casa das Palabras: para exposicións no Museo do Pobo Galego, para publicacións da Universidade de Santiago e do Consello da Cultura Galega. Tivemos varios eventos coa Xunta de Galicia. Pero foi coa Real Academia Galega coa que mantivemos máis actividades na súa sede de A Coruña.



O director do colexio de Lagostelle, Don Domingo, entrega a Alfonso unha edición de Nimbos escrita e ilustrada por tódalas nenas e nenos do colexio.


A nosa plataforma moveuse por todos os carreiros e autovías do país sobre dous eixes ou voceiros fundamentais: Xosé Antón Cascudo e Alfonso Blanco, que á par ou cada un multiplicándose en varias fronteas defenderon a altura estética de Díaz Castro.

SANTIAGO DE COMPOSTELA / 7-29 NOVIEMBRE 2013

CINEUROPA

27ª edición

Comenzamos con forza a nosa andadura, como Díaz Castro sempre vai con nós, a Academia escollendo ó noso poeta, non nos colleu co pé cambiado, estabamos preparados para o que nos viña enriba. E xa o 26 de novembro entramos con brío en CINEUROPA, en Santiago.



O 1 de decembro tivemos en CULTURGAL, Pontevedra, nunha dobre actividade: unha táboa redonda na que participou Alfonso Blanco e a presentación do documental de Xosé Antonio Cascudo O Instante Eterno.



DIFUSIÓN DE O INSTANTE ETERNO

A difusión do documental e paralelamente a do poeta Díaz Castro, principal obxectivo do proxecto foi realizada en tres vertentes:

- 1) exposicións,
- 2) publicacións,
- 3) proxeccións en diferentes ámbitos (universitario, asociación e actos culturais, centros galegos no exterior, centros de ensino, centros penitenciarios, verbenas e festas populares e televisión).



Cascudo con veciñas e veciños na preestrea en Cineuropa

EXPOSICIÓN NIMBOS DE LUZ

O instante eterno forma parte da exposición *Nimbos de luz*, auspiciada pola Consellería de Cultura e Educación, unha mostra itinerante sobre Xosé María Díaz Castro que percorre quince vilas da nosa xeografía ao longo deste ano. A iniciativa está integrada no programa de actividades co que a Xunta de Galicia difunde a vida e a obra do poeta, a través de 14 paneis temáticos, que se completan cunha parte audiovisual, na que se inclúe a proxección do documental *O instante eterno*.

Nimbos de luz comezou a súa itinerancia o 19 febreiro en Guitiriz, coincidindo coa data do centenario do poeta. Logo do seu paso por Santiago de Compostela, as seguintes paradas serán a A Estrada (do 28 de maio ao 11 de xuño), Redondela (do 13 ao 29 de xuño), Vilagarcía de Arousa (do 1 ao 30 de xullo), Mondoñedo (do 1 ao 29 de agosto), A Coruña (do 2 ao 16 de setembro), Lugo (do 18 ao 30 de setembro), Ourense (do 2 ao 16 de outubro) e A Rúa (do 18 de outubro ao 3 de novembro), Cee (do 1 ao 14 de decembro) e, finalmente, Celanova (do 16 ao 30 de decembro).



Na Casa de Galicia en Madrid

PUBLICACIÓNS: FOTOBIOGRAFÍA E DVD

Paralelamente á exposición *Nimbos de luz*, *O instante eterno* formou parte da fotobiografía *Xosé María Díaz Castro. Nimbos de luz*, editada por Galaxia a comezos do mes de maio. Máis dun centenar de fotografías, recortes de prensa e portadas de libros ilustran as 120 páxinas desta obra, resaltando os aspectos máis importantes da vida do poeta do Vilaríño. A obra foi coordinada por Afonso Blanco Torrado, Luis González Tosar e Armando Requeixo.

ROLDA DE PROXECCIONS DE O INSTANTE ETERNO

--> PREESTREAS /ESTREA

Festival Cineuropa (preestrea), Santiago de Compostela (26/11/2013)

Presentación na Feira das Industrias Culturais, Pontevedra (01/12/2013)

Actos do centenario de Díaz Castro (19/02/2014). Como peche de xornada, estrea de *O instante eterno*.

--> ÁMBITO UNIVERSITARIO

Universidade da Coruña (Facultade de Ciencias do Deporte e Educación Física)

Liceo de Ourense, organizado pola Vicerreitoría do Campus Ourense (Univ. Vigo)

Resaca das Letras na Facultade de Ciencias Sociais de (Univ. Vigo)

Facultad de Letras da UPV-EHU (Vitoria)

Universidade do Estado do Rio de Janeiro.

Universidad de Deusto (Bilbao)

Universidad Complutense (Madrid)

--> CASAS DE GALICIA E CENTROS GALEGOS

Casa Galicia de Santurtzi

Casa Galicia de Donosti

Centro Galego de Vitoria

Lar Gallego de Sevilla

Casa Galicia de Madrid

--> ASOCIACIONES E ACTOS CULTURALS

Centro Galego de Artes da Imaxe.

Instituto de Estudos Chairegos, Vilalba.

Asociación Cultural Eira Vella de Betanzos (en colaboración coa librería Carricanta).

Agrupación Instrutiva de Caamouco (Ares).

Asociación Trabalingua, Vigo

Club de Prensa de Ferrol, Fundación Caixagalicia (Ferrol)

Proxección de *O instante eterno* no Maio de lingua. Museo Provincial de Lugo

--> CURSOS E CONFERENCIAS

Seminario Díaz Castro, transferencias poéticas e visuais. Concello de Guitiriz.

Conferencia "Díaz Castro, o labrador do verso" Escola Oficial de Idiomas de Ferrol.


Conferencia "El instante eterno de Díaz Castro". Lar Gallego de Sevilla

Conferencia "Díaz Castro, o poeta discreto". Facultade de Ciencias do Deporte e Educación Física (Universidade A Coruña)

--> PRESENTACIONES EN CENTROS DE ENSINO

Desde marzo até maio do 2014 *O instante eterno* foi presentado en diversos centros de ensino da xeografía galega, explicando a biografía e a obra de Díaz Castro e o proceso de creación de *O instante eterno*.

A lista de centros na que se fixeron estas intervencións é a seguinte:



- CPI As Revoltas, Cabana de Bergantiños
- IES Campo de San Alberto Noia
- IES Virxe do Mar, Noia
- CPI Armando Cotarelo Valledor, Boimorto
- Padre Feijoo Zorelle, Ourense
- CEP Carlos Casares, Salvaterra
- CEIP O Salvador, A Pastoriza
- CIFP Politécnico, Santiago de Compostela
- IES nº1, Ordes
- IES Basanta Silva, Vilalba
- IES Parga Pondal, Carballo
- IES Castro Aobre, Vilagarcía
- IES María Soliño, Cangas
- > VERBENAS E FESTAS POPULARES

Díaz Castro foi o protagonista en moitas das verbenas do concello de Guitiriz.

No patrón dos Vilares, o San Vicente, organizouse o primeiro recital dos seus poemas.

Na Pascua, o Venres Santo estivo dedicado ao poeta, con diversas actividades, entre elas un roiteiro. Ao final da xornada proxectouse *O instante eterno*.



en varias ocasión ao longo das últimas semanas. Nas datas previas ao centenario de Díaz Castro e ao Día das Letras Galegas *O instante eterno* suscitou un notable interese na TVG, incluíndo ao documental en reportaxes do programa ZigZag cinema.

A canle pública mercou os dereitos de emisión do documental para programar durante a semana das Letras, concretamente unha versión de 30 min (16/05) e outra de 62 min (18/05). A versión curta de *O instante eterno* acadou unha cota de pantalla superior ao 13% e foi visto por máis de 91.000 espectadores. Sumado ao pase do día 17, o documental superou amplamente os 100.000 espectadores.

UNIVERSIDAD COMPLUTENSE MADRID **Le IV Letras**

LETRAS GALEGAS 2014
HOMENAXE A XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO

Coloquio con Xosé Antón Cascudo
Proxección do documental *O INSTANTE ETERNO*
Recital poético multilingüe

Universidad Complutense de Madrid
Biblioteca María Zambrano
22 de abril | 12:30h

CEG XUNTA DE GALICIA

--> CENTRO PENITENCIARIO

O instante eterno foi presentado a reclusos e funcionarios no Centro Penitenciario de Bonxe.

--> TELEVISIÓN

Un dos obxectivos marcados ao nacer *O instante eterno* era que a TVG emitise o documental. A canle pública é o medio máis importante de difusión de contidos culturais en Galicia. Finalmente acadouse este obxectivo e *O instante eterno* programouse

CRTVG
COMPAÑÍA DE MADRID E GALICIA

Portada CRTVG TVG Informativos RG Deportes Cultural O tempo

Información CRTVG Viva CRTVG co cine RSC Oficina Canles Temáticas Blogs CSR

CRTVG Viva

A TVG ofrece esta tarde o documental "O instante eterno", sobre a vida e a obra de Díaz Castro

16/05/2014 00:00

Escollar

O traballo audiovisual de Xosé Antón Cascudo afonda na parte máis descoñecida do poeta homenaxeado este ano no Día das Letras Galegas (15,30 horas)

Santiago, 16.05.2014.- Na véspera do Día das Letras Galegas, a **Televisión de Galicia** ofrece esta tarde o documental "**O instante eterno**" (15.30 h), realizado por **Xosé Antón Cascudo**, que se centra na vida de **Xosé María Díaz Castro** e na xenealoxía emocional da súa obra "Néboas".

MÁIS CONFERENCIAS E VISITAS ÓS ESPAZOS DA VIDA E OBRA DE DÍAZ CASTRO

Alfonso tivo días de 3 actividades en 3 puntos diferentes do país, convocados por todo tipo de asociacións e institucións: quizais foron os centros de ensino os máis solicitantes: Alfonso explicou ás e ós alumnos do Colexio Lagostelle de Guitiriz e do San Estevo de Parga, a exposición da que el é comisario, na Casa Habanera.

Alfonso multiplicouse para que a palabra do poeta chegase a todas partes, só citamos algunhas intervencións:

Na Casa das Palabras recibiu, entre outros,
o Colexio Andrade de Pontedeume,
o Felix Muriel de Rianxo,
alumnos de Curtis,
Universidade Laboral de A Coruña,
Directiv@s da Fundación Penzol de Vigo
o Centro de Día de Begonte, etc.

Foi dar conferencias

ós Salesianos de Vigo,

á Universidade Laboral de A Coruña,

ó les de Ponteceso,

ós colexios de Teixeira,

Lourenzá,

ás Universidades de A Coruña e Vigo,

ós colexios de Castro de Rei e Castro de Ribeiras de Lea convocados polo Concello de Castro de Rei..., etc.

Fixo visitas guiadas polos espazos de Díaz Castro con alumn@s do Colexio Concepción Arenal de Ourense,

Cernadas de Lousame-Noia,

Perdouro de Burela, etc.

Foron dúcias de institucións as que reclamaron a súa palabra:

o Museo de Lugo,

o Club de Prensa de Ferrol,

o Ateneo Eumés de Pontedeume,

a Casa de Galicia de Madrid,

a sede da Xunta en Pontevedra,

a Universidade Senior, etc.

Os centros penitenciarios de Teixeira e Bonxe.

Centros de atención como a Asociación Alume ou o Hospital Xeral de A Coruña.

A colaboración de Xermolos foi especialmente estreita cos medios de comunicación, así “Galicia para o mundo” de Televisión Española, veu grabar, semana tras semana, a máis 70 persoas que recitaron e recitan poemas de Díaz Castro, en todos os programas do ano. Tamén foron varias as grabacións



Entrega da primeira de máis de dous millóns de bolsas de Gadis con versos de Díaz Castro



Brais da París de Noia lendo versos en Santa Cruz

para “Zigzag” da Tvg, e moitos outros...

E temos que remarcar as actividades no IES Poeta Díaz Castro de Guitiriz, mesmo participando nos seus audiovisuais, no mesmo Guitiriz interveu en varias actividades transmitindo Díaz Castro diante de centos de persoas dende o Presidente da Xunta ata todos os colectivos da comarca. Falou dende os palcos da festa de varias parroquias, e escollemos aquí a súa última arenga, que foi o Pregón da Feira de Canteiría de Parga, o 20 de xullo.

E SUMA E SEGUE..

As vindeiras intervencións están previstas en Vilaboa de Vigo, Vilagarcía, Mondoñedo, Amigos do Museo de San Antón de A Coruña, Sobrado dos Monxes, Biblioteca Nodal de A Coruña, etc.

DÍAZ CASTRO E O FESTIVAL DE PARDIÑAS

Este festival foi letal para Díaz Castro, nel foi creando novos vencellos coa Nai Terra: o pobo, as artes, as e os creadores... Aquí atopou o regazo ou colo das súas raiceiras. Foi dos que mellor captou o seu sentido: a fusión de tradición e modernidade, por unha banda o poeta sentía os latexos de Galicia e pola outra cargouse de entusiasmo, descubriendo os novos horizontes e ronseis que abrollaban en Pardiñas, mesmo dende a mocidade de Xermolos, coa que convivía todos os días nos seus locais.

E o Festival de Pardiñas axudou a coñecer a súa obra, así no 1988, estreouse na Casa das Artes, o video producido por Ophiusa, un traballo de Xulio Xiz e Carlos Rodríguez... Díaz Castro sentiuse arroupado pola súa dona, fillos, o irmán Serafín, e escritores: Manuel María, Miguel Anxo Fernán Vello, Antón Santamarinha, Darío Xohán Cabana

Xa no 1990, a Asociación Rosalía de Castro de Barakaldo, convocounos na Casa das Artes, para entregarlle unha praca, polo “Día das Letras Galegas” a un escritor vivo. El non puido participar por estar enfermo, pero estiveron presentes representantes da cultura como Manuel María, Francisco Carballo, Felipe Senén, e representantes da cultura euskalduna como Meli, a viuva do poeta Aresti, membros do grupo Oskorri, e representantes de colectivos como Raul Río da Asociación Rosalía de Castro.

Un dos momentos que máis o emocionaban era a entrega dos Premios do Certame Terra Chá, no palco, ás nenas e nenos seleccionados...

ESTAMOS A FACER CULTURA DENDE O CHAN, e tamén vivindo a Díaz Castro.

Xermolos é consciente de que o ano de Díaz Castro forneceu ó país cun novo xeito de traballar pola cultura, dende a base. Celebrar un escritor non pode ser un capricho das élites e institucións, ten que inzar na vida cotiá do pobo, nas súas iniciativas e arelas, e dende Guitiriz espallouse unha lumeirada que reloceu en todo o país.

Traballamos paso a paso co IES Poeta Díaz Castro, co que xa vimos colaborando fai anos. Mesmo asinamos con eles un proxecto coa Fundación Barrié de La Maza, no que tamén co-

CENTENARIO DÍAZ CASTRO
Guitiriz, 19 de febreiro do 2014

ACTOS ESCOLARES

10.30-12.40 h. Casa Habanera
Visita dos CEIP de Parga e Guitiriz á exposición de Díaz Castro.

Actuación de 2na Fronteira. *Zapatños para Díaz Castro.*

12.30 - 14.00 h. IES Díaz Castro
O alumnado do IES de Guitiriz, protagonista da festa do poeta. Colexios convidados CPI Friol e IES Urbano Lugris da Coruña.

ACTOS CULTURAIS

17.00 h. Cemiterio de Guitiriz
Ofrenda poético-floral da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega.

18.00 h. Casa Habanera
Inauguración da exposición *Nimbo de luz* da Xunta de Galicia.

19.00 h. Casa Habanera
Presentación de *Xosé María Díaz Castro. Vida e obra*, de Armando Requeixo.

20.00 h. Casa Habanera
Estrea do documental *O instante eterno*, de Xosé A. Casado.








laborou a Universidade de A Coruña e que deu lugar a un audiovisual: que se estreou en Ágora en A Coruña e no Lucus Augusti de Lugo, ante alumnas e alumnos de varios centros das cidades.

Revista Oral no Museo de Lugo



Festa de Trasparga

1. NAS FESTAS E NAS FEIRAS

Ó poeta gustábanlle as feiras e romaxes porque eran lugares de encontro da xente, e acudía a elas con frecuencia. Xermolos está a percorrelas, e na voz de veciñas e veciños desa parroquia recitamos versos... Foi tal o impacto que a orquestra París de Noia que non lle correspondía por ser a unha da madrugada, na Santa Cruz de maio, chamounos para que lle déramos Nimbos, e fixo unha escenificación maravilhosa, co himno galego e unha gran foto do poeta, e o solista leu varios poemas, e prometeu facelo en todas as actuacións do mes de maio.

PREGÓN DE ALFONSO BLANCO na XX Feira dos Callos e da Cantería de PARGA, na liña da celebración de Díaz Castro nas feiras e festas de todo o concello.

“Gracias por convidarme nesta 20 edición da Feira dos Callos e da Cantería que sempre é un número redondo, e que me fai lembrar as súas orixes cando a Asociación Raxeira, comandada pola mestra Ofelia, integrou a outros colectivos coma Xermolos na súa organización e desenvolvemento, contaxiandonos daquela teima de dar a coñecer os vosos recursos, a gastronomía e a artesanía, que son os cimentos das Terras de Parga, cando no neolítico, 5000 e 3000 anos antes de Cristo, os primeiros canteiros ergueron grandes pedras para manter viva a memoria dos seus líderes e antepasados, e os primeiros labregos traballaron a terra para producir estes garbanzos, verduras e especies, coas que os adoban para transmitir a gracia dos callos.

Hoxe mesmo presta poñerse á raxeira e disfrutar deste sol que ven a alumear a nosa historia.

Somos o que somos gracias a estas raiceiras que foron labrando moitas xeracións, sobre todo no corazón da pedra que é o sinal máis poderoso da nosa sobrevivencia, e o nome de Parga terma na pedra inmorrente dende fai milenios, porque tedes a resistencia da pedra de grá das vosas canteiras que por todos os camiños do mundo reloce e falan de vós, as que cargaron en vapores ata a Habana, cando ergueron o centro galego máis fermoso do mundo, dende a primeira pedra que colocaron o 8 de decembro de 1907, ou xa antes no s. XIV, a pedra que transportaron en carros de bois pola Costa da Sal ata Betanzos,



para construír o monumento funerario máis senlleiro de Galicia, o de Fernán Pérez de Andrade, o Bó, na Igrexa dos Franciscáns, xefe de filas do Señor de Parga, o Parragués, nas revoltas dos Irmandiños que nos fai lembrar o castelo que coroa o castro que deu orixe á vosa vila.

E falando de Perez de Andrade construtor de 7 igrexas, 7 hospitais, 7 pontes sobre 7 ríos, neste ano temos que celebrar outro creador afecionado ó número 7, o poeta Díaz Castro, que tamén dividiu o seu libro *Nimbos*, en 7 partes. Para este poeta Parga foi un lugar máxico dende neno. A



Díaz Castro gustáballe buscar lugares onde atopar xente para falar e aprender cousas, e as feiras son un intercambio de saberes como estamos disfrutando hoxe. Non perdía unha... Das poucas fotos que temos da súa mocidade, son as feitas por Armeiro dos Vilares aquí en Parga. Non é de estrañar que el que non era amigo de citar nomes de lugares, estampase no seu poema máis importante: “o tempo vai de Parga a Pastoriza”. O poeta situouvos este ano no mapa pois todos os colexios e outros centros, recitaron e cantaron *Penélope*. El concebiu a súa arte de poeta coma o traballo do canteiro que soña e imaxina unha obra nunha pedra e vai devastandoa ata acadala. De feito el gozaba no obradoiro de Eustaquio de Manchás, o seu padriño, un canteiro de sona.

E cantou o nacemento de Compostela, que é un reflexo das medras de Parga, tamén encrucillada de camiños:

*“¿Non coñecías, Xesús, as pedras das Rías Baixas, cor do aceiro?
Brincan da canteira ósos de pedra virxe, e óense os alentos,
nenos e galos axotados arrédanse e deixan pasar un río de pedras,
tolean os martelos en días eternos e noites cegas...
E medra amodiño na noite un feixe de colunas coma gorkas de pomba:
non se fixo o Templo en tres días; que o home é breve e a noite é longa.
Pro medra coma a aurora tralos piñeiros, soño de beleza mostruosa,
masa de dogmas de pedra, seixo a seixo, a Nai de Compostela,
Calaron homes e deuses, pro non calaron as pedras.
Berraron na noite as pedras, e a noite encheuse de lus;
as pedras berraron, e a sombra de tódalas cousas asemellouse á sombra de Xesús;
as pedras berraron, e os seus berros ¡petrificáronse en torres rematadas por unha crus!”*

O poeta xa estaba a prefigurar o que as e os veciños fixestes na Pena Xiboi, un dos achados máis antigos das Terras de Parga.

Díaz Castro é un fillo agradecido á cultura que mostrades hoxe en Parga. A pesares de coñecer e falar máis de 15 idiomas e de vivir na cidade case toda a súa vida, ficou neste xeito de facer pobo que é a Feira dos Callos e da Canteiría, coa que queredes conservar coma un tesouro a vosa gastronomía, os callos, e a vosa arte, a dos canteiros, verdadeiros artistas da Terra. A súa poesía é un canto ó noso xeito de crear e de alimentarnos, á cociña da aboa, a que necesitan os máis novos.

Noraboa á Comunidade de Montes que está a invertir en cultura, os recursos que aproveita da maior canteira de granito, axudando a medrar en progreso, saúde e igualdade. Que siga sonando a música das e dos canteiros, e que o arrecendo dos callos nos dé forzas para seguir adiante”..

2. VECIÑOS DE GUITIRIZ RECITAN A DÍAZ CASTRO NOS SEUS IDIOMAS. HOMENAXE A D.C. TRADUTOR.



Xogadores da selección dos Emirátos Árabes lendo en Árabe versos de Díaz Castro

Empeñámonos en que as veciñas e veciños de Guitiriz con outras falas tamén coñeceran ó poeta nas súas linguas. Xa en agosto do 2013 a Concellalía de deportes de Guitiriz organizou un torneo entre a selección de fútbol sala dos Emiratos Arabes, a selección galega e a de Guitiriz, co nome de Poeta Díaz Castro e leuse Penélope en árabe

بينيلوبي

خطوة واحدة إلى الأمام وواحدة إلى الخلف، غاليسيا
ونسبح أحلامك لا يتحرك
الأمل في عينيك تمتد
يحرثون الثيران وتتسقط الأمطار

همهمة بعيدة جدا من القوارب
تجرح كراك الرقيق مثل العنب
لكنك تتلف في البطانيات ألف سنة
وفي الأحلام أنت قديرة مرة أخرى للاستماع إلى المطر

وسوف تجلب الطرق يوم ما
تقود الناس. الله هو نفسه
يذهب أخدود، يأتي أخدود يا يسوع ماريا
وكل شيء لديه دفع العشور له

هز الندى من المروج كما حلم
مرور الوقت من برجا إلى بستوريزا
تعال لدفن، أخدود إلى أخدود، الخريف
خطوة واحدة إلى الأمام وواحدة إلى الخلف، غاليسيا

خوسي مارية دياز كسطرو

ترجمة إلى العربية خوان أسيس بلاو غوميز





Na Cabalgata de reis, o cidadán norteamericano, afincado en Guitiriz, Andy Witer leu versos en inglés.



Na Festa da Berza de Labrada foi o surcoreano HYUCK JIN SEO o que nos agasallou con Penelope en coreano

E agora reproducimos a versión en Djily Diop de Senegal, en Wolof, unha das linguas máis importantes do país.

Penélope

Tank ci kanam, tank ci guinaw, Galiza
 Sen feou Guènte du mousseu fopekü
 Sen Yeene ak yaakar feuss ci fey beutt ci
 Mandarga nacks yi ak mony taw.

Thiowal Gaal you sori yi ci guènte
 Mingui melni kony nall resing.
 Wanté boul Saango mbalânu diouni ate
 Ak ci Guènte deloul di déglou taw bi.

Yoon yi dinane mousseu indi biss bou nitte
 Yi yobou wane. Borom bi beneleu.
 Pakh dem, pakh dikk . Yesu Mariama.
 Mbir mouné boram lay fay.

Bayil taw bi wiss ci tool yi méhni guènte ci
 Diamono diony dem Parga ba Pastoriza
 Di soull ndank pakh ak pakh you nor bi
 Tank ci kanam, tank ci guinaw, Galiza.



Tadashi Yamamoto vai recitar no Festival de Pardiñas a versión xaponesa de Penélope.



PENÉLOPE	ベネロベ
Xosé María Díaz Castro	ショセ・マリア・ディアス・カストロ
Un paso adiante i outro atrás, Galiza, i a tea dos teus sonos non se move. A esperanza nos teus ollos se esperguiza. Aran os bois e chove.	一步進んでは一步後ずさる、ガリシアよ、 おまえの夜なべの布は織り上がることはない。 おまえの瞳に宿る希望は曇ることはない。 牛は畑を鋤き、雨は降る。
Un bruar de navios moi lonxanos che estrolla o sono mói coma unha uva. Pro ti envólveste en sabas de mil anos, i en sonos volve a escoitar a chuva.	遠くに聞こえる船のきしみは、 おまえに柔らかな葡萄の夢を搾りだす。 されどおまえは千年の敷布に包まれ、 まどろみの中で雨音を聞くばかり。
Tragerán os camiños algún día a xente que levaron. Deus é o mesmo. Suco vai, suco vén, Xesús Maríal, e toda a cousa ha de pagar seu desmo.	いつの日か道は連れ戻すだろう、 連れ去った人々を。神とて同じこと。 敵は幾重にも走ってはいるが、何てことだ！ すべては十分の一税に消えてしまう。
Desorballando os prados coma sono, o Tempo vai de Parga a Pastoriza. Vaise enterrando, suco a suco, o Outono. Un paso adiante i outro atrás, Galiza!	霧雨が睡魔のごとく地面を濡らし、 天候はバルガからバストリサへと流れる。 秋が敵から敵へとしみ込んでゆく。 一步進んでは一步後ずさる、ガリシアよ!

ROMAXE DO SAN ALBERTE

FESTA DA FALA

DOMINGO 18 DE MAIO DE 2014
EN SAMBREIXO DE PARGA (Guitiriz)



Desorballando os prados coma sono,
 o Tempo vai de Parga a Pastoriza.
 Vaise enterrando, suco a suco, o Outono.
 ¡Un paso adiante e outro atrás, Galiza!

Pola mañá:

--> **Mostra de Artesanía**

--> **Festa cos gaiteiros:**

Raul Galego Caivanca

Sons da Aldea Os Ceibes de Xermolos

--> **Merendas**

Ás 18 horas: Recital de poetas de todo o país

Ás 19,30 : estrea do CD

DESORBALLANDO OUTONOS

do Grupo A Quenlla coas poesías de Díaz Castro

Organizan:

Comunidade de Montes da Parroquia de Sambreixo

Asociación Cultural Xermolos

Deseño Xosé A. Arias

INZAMOS EN NOVAS FESTAS

1.- O San Alberte converteuse na I Festa da Fala

Queremos reivindicar o santo da Fala para que nos libre dos atrancos na comunicación na nosa fala, en colaboración coa parroquia de Sambreixo, honrámoslo con moito gozo.

Alí estreamos o disco de A Quenlla Desorballando outonos, dedicado ó poeta Díaz Castro, houbo mostra de artesanía, concertos de gaita, etc.



Fotografías e collages fotográficos feitas por Vanesa Santiago



Debuxo de Natalia Mallo
Festa da Fala San Alberte
de Sambreixo 18-05-2014

O Marechal da Galiza

(Soneto)

Ao longo de três anos foras forte
e invencível dentro do teu castelo
da Frouseira evitando o atropelo
dos que nos queriam levar à morte.

Bravo senhor Pedro Pardo de Cela,
o mais grande Marechal da Galiza,
que a raíña castelhana alporiza,
por querer a soberania dela.

Só pela traição se pôde contigo,
depois segaram a tua cabeça
esses selvagens como castigo.

Na Sé de Mondonhede para lembrança
estás, mas para nós a luta começa,
pois o teu exemplo é a nossa herança.

Manuel Miragaia

Carta galega ao Estado espanhol

Exmo. Sr:

Quiséramos manifestar-lhe
que ninguém o convidou à nossa mesa.
E um dia já longíquo,
aproveitando-se da nossa confiança,
entrou no interior do nosso lar,
demonstrando com o tempo
ser um grande entremetido,
e ocupou a cadeira mais preciosa,
aquela na que sentava o velho patrão.
Sem esperar por ninguém,
sem lhe guardar a ninguém o devido respeito,
animado pela sua fome de páramo,
começou a servir-se saborosas iguarias,
apanhando o que lhe interessava.
E assim nas três comidas de cada dia
de todas as semanas de cada mês
de todos os anos de cada século
desde que você chegou.
E sendo um alheio,

não sendo da nossa família,
e não oferecendo-nos nada,
porque lhe encontrou o gosto a viver aquí,
foi-se apropriando da casa inteira
e das chaves das suas portas,
E já mais nunca quis saír.
E ainda acima de aproveitar-se de nós
burlou-se dos velhos e dos novos
tentando ridiculizá-los,
por comerem caldo com broa
e um prato de humildes sardinhas.
E procurou humilhar-nos,
por falarmos uma língua distinta da sua,
por termos uma sensibilidade distinta
e um jeito de pensar diferente.
e por bailarmos nas festas com música de gaita.
Sempre com ganas de fazer e desfazer,
sem nos deixar viver tranquilos,
com a teima de que mudássemos a vida
E nós, pacíficos e generosos,
pacientemente aguentando essa diária amargura,
os seus caprichos e ordens,
a sua falta de educação e de deferência.
Com quem lhe deu de comer e de dormir a diário
não mostrou a menor empatia,
porque no fundo nunca nos quis.
Enganou com um rosário de promessas vãs,
que nunca cumpriu e que alguns creram.
e por sistema nos desdenhou,
porque só de nós queria viver à nossa costa.
E sendo tão e soberbo, jerárquico e patriarcal,
e criticando-nos tão duramente
com fracos discursos nos que assegurava ser superior
e de que não merecíamos existir por nós mesmos,
por quê não se foi à sua terra e nos deixou tranquilos?
E por que um arrogante como você veio á nossa ca
modesta?

Que saiba que sabemos que não lhe temos nada que
agradecer.

Que saiba que a nossa história consigo não engana.
Só lhe pediríamos um grande favor:

Não faça nem mais um dia infeliz ao povo galego!

Atenciosamente.

Manuel Miragaia

No paraíso chairego de Parga

Quero andar pelo teu chão granítico até Pena Jibói.
E depois subir à acrópole do Castro da Póvoa.
E ver as ruínas do que foi o Castelo deste Condado.
Quero cruzar o rio pela ponte gótica de São Alberte,
para beber na sua fonte a água milagreira
e que me potencie para sempre a fala.

Quero passear pelo Paço da Pontelha.
E passar perto do da Casanova.

Quero a magia de descobrir
cogomelos invernais e flores primaverais
entre os vieiros das aldeias.

Quero enxergar as casas chairegas
e cheirar o perfume do fumo
que sai das suas lareiras.

Introduzirei-me nas veigas e chousas
rodeadas de linhas carvalhos e castanheiros.
E no silêncio da tarde,
quando me sentar no céspede,
sentirei a imensa alegria da vida
ao ver as formosas luzes do sol
entre as polas dos vidoeiros.

Quero ir aos pendelhos um dia de feira,
sentir falar e regatear os labregos e labregas
e comer depois numa polveira.
Quero escutar formosas palavras na nossa língua.
Desejo ouvir cantar e tocar a gaita nos tascos.
Procurarei viver e louvar mil vezes
esse grande e antergo monumento humano e social
do comunitarismo comuneiro.
Quero olhar com céu limpo as estrelas e a lua cheia,
e ter a certeza de que o tempo está detido,
enquanto como com amigos uns liscos
na noite de São João na Carvalheira.

Quero sonhar com a utopia,
desde a crença no espírito da terra,
como fazem todos os dias os vizinhos e vizinhas,
em que ainda é possível que os moínhos voltem moer,
os fornos cozer bolas de pão
e de que nas eiras se malhe.

Quero fazer tudo isso onde tudo isso é possível:
No paraíso chairego de Parga.

Manuel Miragaia



Desorballando outonos

Así se chama a homenaxe que o grupo A Quenlla rende ao poeta Xosé María Díaz Castro neste seu ano das Letras Galegas. Homenaxe conxunta coa Asociación Xermolos e a Irmandade Manuel María, así como de Alfonso Blanco Torrado -que fai a fotobiografía- chea de claves para entender algo da enorme humanidade desprendida polo poeta, e Xulio Xiz coas gravacións da voz e imaxe do autor Díaz Castro, poeta fundamental da Matria que levou Galiza á dimensión máis sublime da palabra, habitada de emocións, nacida no feliz engado dos sentimentos para acrecentar as nosas imaxes do mundo, as nosas esperanzas e anxeios, realidades que están por vir!

Quedamos abraídos na súa obra, nun principio todos os temas nos chamaban para convertelos en canción. Pero era moito, tivemos que peneirar non só no noso gusto e preferencia, senón no interese que podía aportar a obra, facendo unha escapada pola panorámica de xuventude e de madurez, facendo unha selección de temas intimistas ou de paisaxe. Desde o simbolismo e a estética que marcan a súa obra, escollemos aqueles poemas que máis nos chamaron para converterse en canción. Temas tan dispares como o sentimento musical do autor, ou a percepción que tiña dos “nosos toliños”.

Poemas musicalizados que amosan a percepción do autor en distintas situacións e distintos intres da súa vida, para poñerlles a harmonía tola da alma creativa, recreada nos seus soños e nos nosos anxeios de compartir e servir de canle, con voz sobre a sinfónica orquestración da Terra e no preciso poemario que máis o define. Nesta confluencia de música e palabra gozamos da súa enorme expresividade, da súa orixinalidade, do seu impresionismo e pegada de conmoción, que leva á xente, ao mesmo pobo, á natureza mesma que el observou, á expresión viva das variantes zonais e chairegas, da manifestación existencial e humana que consegue poñer máis luz na sombra, agora da man “da beleza que nos fire para sempre”, como el dixo nun exemplo de sentimento e arrebatado, consecuencia do fermoso estilo da aínda non recoñecida Escola Poética de Mondoñedo. Si aquela escola marabillosa de Noriega Varela, Aquilino Iglesia, Leiras Pulpeiro, Crecente Vega, e tantos outros. Non esquece Díaz Castro o seu curro natal de referencia e desde aí, a nosa Terrá Chá e canda os espazos da orixe, consegue marcarlle vieiros ao tempo poñéndoo a camiñar entre Parga e Pastoriza, desorballando outonos na telúrica realidade de recantos, pequenos pero concretos, que conseguen arrastrar auroras para anegar calquera mañá nun mar de terra verde.

Baldomero Iglesias Dobarrio, Mero, do grupo A Quenlla.





FALADE GALEGO
(Dedicado a David Otero)

A todos vos falo,
maduros ou vellos,
rapazas, rapaces,
e nenas e nenos:
quixese alentase
o sol nos meus versos,
e neles a lúa,
paxaros e ventos
súas verbas dixesen...
porque é que vos quero
-con voz como espada-
falar do galego.
Idioma aldraxado
por propios e alleos,
flor como ningunha
pra levar no peito,
herdo sacrosanto
dos nosos antergos,
da nosa Galicia
carne, sangue, alento...
por iso, ¡faládeo!,
¡falade galego!

Ortigueira, 1976

Xoán Xosé Fernández Abella

SONETO
PARA A QUENLLA

Quero pra vós un canto, Mini e Mero,
-pola máis fonda admiración guiado,
e de amizade o corazón levado-
que veraz sexa, auténtico, sincero.

Sen esaxeracións, eu considero
que no folk noso vós tedes gañado
un posto de vangarda, aureolado
por arte, por tesón e por esmero.

Coplas de cego, mais romances, cantos,
por vós recompilados, gran tesouro
son do noso devir, tal como tantos

poemas vosos ou de irmáns: son ouro
-sexan de amor, humor, xustiza, prantos-
na vosa voz, dozura, sal, estouro.

Os Tilos, 6/xuño/2008

Xoán Xosé Fernández Abella



**Festival de
Cine de Roca**
cine de música

**25 E 26
DE XULLO**
en Casa de Simón
Roca (Guitiriz)
ENTRADA LIBRE

Más información en:
cinemusicaroca.wix.com/cinederoca

Cartel diseñado por Marcos Figueroa

2.- I FESTIVAL DE CINE DE ROCA. Cine de música.

Os días 24 e 25 de xullo celebramos esta iniciativa, ante máis de cen persoas de Galicia, os Piri-neos, Madrid, etc... Falou o Coordinador de Xermolos deste xeito:



Esta fin de semana Roca converteuse na capital do cine ó aire libre, no entorno rural. Unha aldea que foi o escenario acolledor para escoitar a música que transmitían as fitas que fomos visionando. Non era posible mellor moqueta ca herba pequerrechiña que acari-ciaba os nosos pés. Alí nos xuntamos máis de cen persoas: dos Piri-neos, Madrid, de todo o país. Foi unha mostra de como con peque-nos xestos fánse milagres de creatividade. Esta mostra foi un sinal de que o noso mundo rural ten futuro con iniciativas coma esta, e foi unha demostración de que a mocidade ten enerxía para erguer e conservar o noso país. Este evento ten futuro, porque cimentase nesta rocha firme que deita un manancial de augas vivas capaz de vi-gorizar o noso país. Roca ten unha tradición de participar en formas parateatrais coma o Entroido cando ateigaban as arbores e as casas de bonecos que se rian da vida cotiá sen ferir a ninguén. Noraboa de Belén, Helena, Kamy, Ramón, Xosé Antón, e as e os colaboradores de Xermolos..., que poñen o dedo na chaga, porque non podemos

desperdiciar a mocidade, necesitamos da súa creatividade e do seu saber para que as nosas parroquias se vigoricen con este zume novo. O cine está en crise, o local de Guitiriz pechouse e aquelas experiencias de cine nalgún salón coma no Pazo dos Manchás nas Reixas dos Vila-res, cando o Merra poñía películas nas festas da Pascua tamén tornaron o telón para sempre. Non podemos esquecer aqueles carromatos que montaban o seu espectáculo cinematográ-fico nas prazas de Baamonde, Guitiriz e Parga para deleite dos máis novos, cando aínda non se construíra o salón de cine de Guitiriz, iniciativa de dous irmáns veciños de Roca, Inocencio e Pedro Tomé, procedentes da familia dos Pontegafín. Estas noites estreladas de Roca insi-nuaban os astros das nosas pantallas, e a paisaxe que nos envolvía non era o pano de fondo dunha sá de cine, era un mundo de persoaxes e lendas que polulaban a carón noso emporiso foron unhas noites máxicas nas que nosoutas e nosoutros sentiamonos actores protagonis-tas deste universo que é Roca. Alfonso Blanco Torrado



E tamén falou Néstor Prades, membro da organización do Festival de Cine de Ascaso nos Pirineos:

Boa noite. Moitas grazas por estar aquí e moitas grazas a os organizadores por nos invitar.

Ascaso es un festival pequeno que nació hace ya cuatro inviernos pensando en qué hacer para dar vida a una aldea. Lo que hemos hecho es una cosa fácil: proyectar el cine que nos gusta en un lugar que nos gusta.

Somos como Peter Pan, no queremos crecer. En lo alto de una montaña, no cabe más gente. Seremos siempre pequeños. Eso sí, con ganas de que miles de iniciativas pequeñas surjan en todos los rincones. Por eso queremos apoyar, en lo que sea posible, iniciativas como Roca.

Así nació la red de festivales “Cine Grande en Pequeño”. ¿No dicen que la industria del cine español está en crisis? El viejo Gramsci decía que *“crisis es cuando lo viejo no acaba de morir y lo nuevo no acaba de nacer”*. Pues queremos ser lo nuevo en la exhibición cinematográfica. Basta de multinacionales poniendo Disney en multicines de los centros comerciales periféricos. ¿Que los propios espectadores monten sus cines! En ciudades grandes, ya hay sociedades de espectadores que compran cines para ver lo que ellos quieren y no lo que la industria les ofrece. Y en lugares pequeños, festivales como estos, que pensamos en las películas y no en los talonarios.

Su crisis es la de la codicia. Y sólo saldremos de sus crisis olvidándonos del ansia de lucro, del sacar siempre tajada por hacer cualquier cosa. Nos gusta el cine, nos gusta montar festivales y los vamos a hacer. Porque nos da la gana. No nos haremos ricos, pero nos haremos sabios. Surgirán muchos más Rocas y muchos más Ascascos. Sólo hace falta una noche estrellada, una película, un proyector y gente que quiera disfrutar juntos.

Lo viejo no acaba de morir. Pero puede quedarle poco. Si yo fuera un mero invitado a este festival no me metería con las multinacionales. Pero me han hecho padrino... El Padrino. Y don Vito Corleone, a esa gente que trata al cine como a un embutido o una urbanización de adosados, les diría:

“Le haré una oferta que no podrá rechazar”.

Olvidense de sus pelotazos y de sus torpes imitaciones de jólivid. Déjenlo todo y vénganse a una aldea, una noche tranquila de verano a disfrutar del cine. No les dará para comprarse un descapotable con el que llegar a los Goya; pero sí les acercará, un poquito, a la felicidad.

Boa noites Roca. Graciñas polo convite. Graciñas por ser así



3.- EDICIÓN DE CINE ESCOLAR

Debido ós moitos videopoemas que este ano recibimos no Certame Terra Chá de Literatura e Debuxo Infantil, Xermolos decidiu convocar cada ano un Festival de Cine dirixido e protagonizado por nenas e nenos, xa na primavera.

VECIÑAS E VECIÑOS CANTAN E LABRAN A DÍAZ CASTRO



*Talla de Xosé Luis Álvarez
de Becerreá,
na Casa das Palabras*



Lucía Campo González de Parga 1º ESO



Debuxo de Francisco Mantecón de Vigo. Casa das Palabras.

DELICIAS

(Adicado ao Centro Galego de Castellón”O Aturuxo)

17 de maio do ano 2014-Valencia

Traio no meu corazón,
senllas doíñas de delicias,
na miña alma en fruición,
reverquendo blandicias.

A todos vós vos agasallar,
por me regalar regalía,
de convosco poder ficar,
niste gran senlleiro día.

Traio dos beizos do meu pai,
un saúdo, unha cantiga,
da gaita que dela él fai,
chore, ou cantares diga.

Desta nosa amada Galiza,
prosiña no toldado futuro,
pola allea á ela pregiza,
xoece-la vigorosa ao mundo.

Traio da miña naicina no ceo,
unha arela coruscante,
nun soarego rache o veo,
permitindolle que avante.

Traio en min agradecemento,
ao presidente de Aturuxo,
diste Centro Galego
polo leda que me puxo.

No intre que me convidou,
ruares deica Castellón,
a lembrar canto nos legou,
Xosé María con paixón.


Traio esgalla de hilaridade,
coma se meniña eu fose,
dándome a oportunidade,
de sentirme raíña hoxe.


Lembrando en xuntanza,
a herdanda de Díaz Castro,
letras de ouro e prata,
lentura de delicia e pranto.

Magoadas, gargalladas,
arrecendo sen afeites,
senllas verbas nas pegadas,
para sernos un referente.

Traio de min mesma agarimos
con ternura neles ceibar
a vellos, mocidade e meniños
que a Galiza levan no seu falar.

Ana Arias Saavedra





Canto rodado de Xosé Manuel Ribeira de As Pontes. Casa das Palabras.



Desbuso de Sara Campo González de Parga. 4º Eso.

PARA XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO

A crus que remata a torre da terra
onde caladamente vive Xesús,
na dualidade entre a sombra e a lus,
nun campo de estrelas relocentes
reflectidas no río refulxente,
debuxando no devir do home
a esperanza nosa,
a tona das verdades
con nimbos de lus,
e a terra cavilando,
e a terra esperando, ferida
sen alterar a hestoria dos vivos e dos mortos.
Si, Xosé María, estás perdido na noite escura
mais rescatado por un anxo de lus,
por un salvador que amece aos días
o amor, aínda que desesperado,
mais amor ao fin e ao cabo.

XOSÉ OTERO CANTO

NIMBOS (Díaz Castro)

Nimbos é
un corazón escachado
polo sentimento espazoso
na herdanza acesa de Díaz Castro.
Unha cruz na luz.
Un oco de estrela na noite
ardendo como un berro,
reberberando as corredeiras
e alampando os ríos
e a terra sucada
de Parga a Pastoriza,
da Corda a Ponte Gafín.

Un fío de lume sen escuridade
que acende o río en Porto Muíño,
un Xesús vivo na aurora
da terra baleira.
Un cáliz fervendo
de sangue namorado.

XOSÉ OTERO CANTO



Busto de Díaz Castro por Raúl Río dos Vilares. Casa das Palabras.

XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO

Xosé María Díaz Castro
Nado na Terra Cha,
Por cantar tanto a Galicia
Galicia gracias cheda (3 veces)
Xosé María Díaz Castro
Nado na Terra Cha.

Non te perdas viaxeiro
entros prados da chaira
que unha nena xeitosa
xa te espera na aira.

Os versos de Díaz Castro
Y os de Iglesia Alvariño
Son como os de Xoan Cabana
Todos de terras do Miño (3 veces)
Os versos de Díaz Castro
Y os de Iglesia Albariño.

Non te perdas viaxeiro
entre os prados da Chaira
Que unha nena xeitosa
Xa te espera na aira.


Cando veñas pola Chaira
Non nos preguntes por viño
Pregunta por boa carne
Queixos e troitas do Miño (3 veces)
Cando veñas pola chaira
Non nos preguntes por viño.

Non te perdas viaxeiro
Entros prados da Chaira
que unha nena xeitosa
Xa te espera na aira.

Jaime Fernández Iglesias.



*Debuxo por Antonio Ferreiro
de San Salvador de Parga.
Casa das Palabras*



Debuxo de Anxo Lamas. Casa das Palabras.

GRAZAS

Volvo, coma un nimbo de lus
de entre as estrelas
para darvos as grazas
por este ano de festas.
Enchéstesme de orgullo para sempre!

Xa non aran os bois, ...pro segue chovendo.
Nunca máis un paso atrás Galiza!
Pechade a tea dos ollos e seguidе o movemento.


Viaxei por linguas de moita beleza
Inglés, francés, alemánmesmo ruso
foron a miña lus do mundo.
Todas son fermosas cando falan de namorar
máis coma para cada home a súa,
non hai outra igual.
Vivide orgullosos do noso falar!

Aquí e agora,
Na víspera da cinza
co Antroido correndo de Parga á Pastoriza
pídvos facer este Instante Eterno
cun aplauso a Xosé María.



Lucía de Guinea
(Os Vilares)





Xosé María Díaz Castro

PENELOPE

UN PASO adiante i outro atrás, Galiza,
i a ter dos teus soños non se move,
a esperanza nos teus ollos se esperguiza.
Aran os bois e chove.

Un bruar de navíos moi lonxanos
che estrolla o sono moi coma unha uva.
Pro ti envólveste en sabas de mil anos,
e en sonos volves a escoitar a chuva.

Traguerán os camiños algún día
a xente que levaron. Deus é o mesmo.
Suco vai, suco vén, Xesús María!,
e toda cousa ha de pagar seu desmo.

Desorballando os prados como sono,
o Tempo vai de Parga a Pastoriza.
Vaíse enterrando, suco a suco, o Outono.
Un paso adiante i outro atrás, Galiza!



Peza de Valdi. Casa das Palabras.



O 2014 É CHAIREGO

miércoles, 08 de enero de 2014

Coido que este 2014 é un ano fundamental para a Terra Cha, un espazo cunha fonda identidade territorial e cultural que nos ten dado moitos talentos xa imprescindibles para a cultura e a sociedade galega: Darío Xohán Cabana, Xulio Xiz, o inesquecible Bernardo García Cendán, Xosé Manuel Carballo, Margarita Ledo Andión, Alfonso Blanco, Mini e Mero (entre outros), fan cavilar en que a Chaira non só se diferencia fisicamente, senón que esta terra dota dunha feitura especial aos seus fillos, de creatividade e dun espírito comprometido.

Todos os nomeados (e moitos outros) teñen ben demostrado o seu compromiso social e cultural coa Galicia de onte e de hoxe; sendo pioneiros na posta en marcha de moitas iniciativas que supuxeron a creación de tradicións e espazos de convivencia como o festival de Pardiñas que dinamiza Alfonso dende Xermolos. De certo, boa parte desta actividade débese a esta asociación que nos convoca anualmente ao cabodano de Manuel María (en Outeiro de Rei) ou a erguer un hectómetro literario (en homenaxe a un/ha escritor/a senlleiro/a da nosa literatura) no Paseo dos Soños en Vilalba.

A Terra Cha é militancia e compromiso, ademais de berce inspirador de moitas obras fundamentais na literatura galega. Quizais por todo isto, a Real Academia Galega decidiu proclamar o 2014 ano de Xosé María Díaz Castro, quen soubo resumir a nosa historia nun arrepiante soneto titulado “Penélope”, onde deixa ver as teas que nos encadean ás portas do porvir.

A Terra Cha é unha razón máis que suficiente para gozar da natureza, da paisaxe e das súas nobres xentes. Pero sen dúbida neste 2014 ofrécenos motivos moi fondos para percorrela novamente na poética que a aloumiña en tantas liras, a mesma que celebra en irmandade a memoria de dous homes inseparables do seu ser: Díaz Castro e Manuel María.

Iago Santalla



Peza de Valdi na Casa das Palabras

Sempre en Pardiñas

Guitiriz esperta ledo cada vrao,
aguilloado polos espiritos mozos,
levantando, ó son das gaitas, os brazos,
inzando corazóns puros de ledicia,
zafando da friaxe dos invernos longos,
amando, bailando n'eidos de Pardiñas.

Espido o ánimo
saen do letargo
pequechos e grandes,
esquecen aldraxes
rindo e cantando,
tripando nos acios
a carón do tambor,
danzando xunguidos
ollando pro ceo;
temos alá a centos!
estrelas que inquiri,
ula nosa dolor?

Sementastes! e velaquí o froito: Pardiñas!
obradoiro de concordia, crisol armónico.
Non sei se seremos quen de pagala débeda,
os que aquí viñemos, habémolo intentar.

In memorian
José María Díaz Castro
Quique Roca Amenedo
Manuel María
Victoriano López-Felpeto
Anisia Miranda
Julián Bernal
Avelino Pousa Antelo

convosco, sempre en Pardiñas!

Mario do Curro Vello
5 a 7 de agosto de 2013



Jose nun dos últimos antroidos

Instante eterno

no que a bágoa de resío
escorre pola Aherba pequerrechiña@
ata pendurarse na punta,
reflectindo i espallando a lus,
que todo o envolve.

Instante eterno
no que a bágoa de resío
viaxa no baleiro
ata o estourido final,
feita xa mil bágoas máis
a escorregar por mil Aherbas pequerrechi-
ñas@
i envolvelas coa lus
abrollando dun teu poema.

A Xosé María Díaz Castro
grazas por ensinarnos a ver a lus

A Xosé Antón Cascudo
grazas polo Instante Eterno

Mario do Curro Vello
15 de maio de 2014

II Encontro de Cantos de Taberna de Guitiriz:



“Dálle ó Canto Pardiñas 2014”

Vendo a gran acollida da edición pasada,
Xermolos coa colaboración da hostelería guitiricense, que-
remos animar a toda esa xente de canto e de taberna a participar no
“II Encontro de Cantos de Taberna de Guitiriz”, que terá lugar o venres 1 de
agosto de 20h. a 23h. como previa ó XXXV Festival de Pardiñas, que chamamos
“DÁLLE Ó CANTO PARDIÑAS 2014”.

Velaquí as **BASES** oficiais do concurso:

1. Os grupos estarán formados por un **MÁXIMO DE 10 PERSOAS**. Deberán anotar-se polos medios que se dispoñen a continuación antes do 27 de xullo de 2014, indicando no momento da inscrición o **NOME DO GRUPO**, un **CORREO ELECTRÓNICO E UN TELÉFONO DE CONTACTO**. Asignaremos un número a cada grupo de acordo á orde de inscrición.
2. A inscrición é de balde e poderase realizar mediante o mail:
xermoloscantes@yahoo.es ou chamando ó teléfono **646609309**,
indicando toda a información citada anteriormente.
3. A **RECEPCIÓN** dos participantes farase o día **1 de agosto ás 19.30h.** no Campo da Feira de Guitiriz.
4. Cada grupo contará con asistencia dun membro da organización que o guiará ó longo do percorrido co fin de axilizar a actividade e solucionar calquera dúbida que poida xurdir durante a xornada.
5. O repertorio será preferiblemente tradicional.
6. Os membros de cada agrupación serán convidados a unhos viños e tapas por parte da organización.
7. Como agradecemento á participación de cada un dos grupos, faráselles entrega dun agasallo de recordo.

Agardamos as vosas inscricións!



Fotografías da primeira edición dos Cantos de Taberna “Dalle ó Canto, Pardiñas 2013”:



HOMENAXE A MIRO CASABELLA

Miro Casabella é un asiduo do Festival de Pardiñas, dende o IV Festival de Pardiñas (1983). Colabora nas actividades ó longo do ano, e mesmo foi pregoeiro da Mostra de Instrumentos. Dende o primeiro momento unímonos a súa homenaxe, e seguimos disfrutando da súa arte e compromiso.

A MIROCASABELLA (o neno soñador no banco de pedra de diante da súa casa na Praza de Ferreira do Valadouro) polo mes de SANTIAGO.

Xa non vale o de que seguimos agardando,
nin dicilo entre voces imprecisas
nin sentilo entre falsos latexares,
nin anunciálo entre rendidas alertas...

Xa non vale...

Pois o cantar proponnos a mirada
cando o pobo determina patria
e é o amor quen nos marca os orientos
cando as demoras pérdense sen rumbos.

Xa non vale...

Pois o canto comunal contigo xa brada a
plenitude
escribindo nos aires musicados,
riscando os silencios decretados,
poñéndonos en pé... e na victoria...

...a todo pobo indo...
soberano

E así nesa obra de marcha enorme
a compás da nosa cántiga popular...
entre non tantas como se quixer...
sobresae inmedible... unha voz...

tan solidaria, camarada, fratria
que celebrar... recoñecendo.

Unha voz tal florciñas campesías,
a ver de cristal de orballo por mañanciña
festiva

a sabor de mel e de derrotas
a sentir de pobo... e de esperanzas.

Unha voz de brétemas e luzadas
que nos colle das mans... non retrocede...
para andar seguros nos días de seitura
E así con norte... sen perdernos.

Unha voz que brinca entre poemas
na roda de quen bailan melodiosos

a corpos puros que se abrazan
e a limpos ollos véndose ben certos.

Unha voz cantora que nos mide... e que
rexistra:

a nosa resistencia,
o teito das estrelas,
o que falta por facer.

Unha voz integradora
de común escoita,
a palabras relucintes,
con maiúsculas... de nación.

Unha voz en alto e respectada
de bradar tan irmandiño
en quinteiro comunal
a ideolóxica fondura.

Unha voz estable
ela... altísima mediadora
de todo sentir fluído
a paso popular... tan unitario.

Unha voz relevante resistente
á altura dos nosos tempos
co poder de nós... campante,
nas prazas e nas rúas.

Unha voz orgullosamente humilde
que manca cando resoa
conlevando a potente forza
da loita nosa... necesaria.

Unha voz de afectos... integradora
que mobiliza en plural
sen expectadores de monólogos baleiros
e si posta en alegres conversas... activadas.

Unha voz rebelde outrora e sempre
de amplo percorrido no que queda por facer
salientando a indignidade dun estado de orde
público
que se nega ás reparacións... teimosamente.

Unha voz limpa determinada
que nos chama desde o amor
en clave de futuro... e de conquista.

Voz pois con nome propio,
contemporánea,
en sustento de idioma... irrenunciabile.

Voz que liberando acusa
e que claramente expresa
" O meu país".

Voz que é arma de romper os círculos que
agolan,
que é chave de abrir en amplo
a gaiola pola que reféns voamos,

Voz morna saborosa a colo de nai
de lume creativo, original...
en acariño... de casa e pan.

Voz con nome propio...VOZ...
digo a de Miro
acumulada de méritos...

digo Miro Casabella

El cantor dos cantores nosos
que nos axudan a chegar...
a chegar ás nosas alturas... desexadas.

E por iso MIRO disfrutamos contigo...noso
cantor.

E tamén con elas ...nosas cantoras
E tamén con eles... nosos cantores...

E así máis fondamente agora...dicimos

NÓS...

DICÍMOLO con máis forza así...nesta
mobilización...
aquí...na Ferreira de Valadouro

Pois así tamén... coma ti por causa do encoro
de Castrelo de Miño...

a compás da música de cegos heroes nosos,
eles de terra matría...
hoxe nós cantaremos en irmandade...
e así diremos...

Hoxe é un día de ouro
de marabilla e festivo
pois temos todos motivo
para estar no Valadouro.

Celebramos ao cantor
con respecto e agarimo
el canta a terra con mimo
pra acoutar tanta dolor.

Que a súa palabra non cale
e que o canto siga forte
que o Miro marque ese norte
pois Galicia ben o vale.

Vaia así a despedida
que estas letras son razón
cantadas con corazón
pra Miro Casabella.

Que o Miro siga na teima
do seu facer exemplar
que non pare de cantar
que nos queda moita queima.

Que non pare de cantar...
Que nos queda moita queima.



NOVE CUARTETAS SINXELAS PARA MIRO CASABELLA

Ferreira do Valadouro,
moito te podes gabar
por ter un cantor de ouro
nacido no teu fogar.

El é Miro Casabella,
dono dunha voz fermosa,
voz sublime, voz que artella
a vivencia máis ditosa.

Con guitarra, arpa ou zanfona,
seus principais instrumentos,
e cunha voz que emociona,
gaña admiracións a centos.

Canta cancións medievais,
do Cancioneiro as máis belas,
e canta cancións sociais,
sendo autor de moitas delas.

No seu viaxar incontable
-Galiza no corazón-
a súa defensa é incansable
a prol da nosa Nación.

E cos mellores cantores,
sempre irmandado na loita,
triumfos arrebatadores.
Que a liberdade se escoita!

De "Voces ceibes" cantor
e a "Nova canción galega",
es de "O meu país" honor,
que a arte máis alta achega.

Na merecida homenaxe
que che brinda o Valadouro
eu son un humilde paxe
cantando a túa voz de ouro.

E quero, en fin, rematar
este sentido poema
cun loor ó teu cantar
e á túa humildade suprema.

Os Tilos, 23/Xuño/2.014

Xoán Xosé Fernández Abella

*David Otero polo xullo patrio
de X.Mª Díaz Castro de MMXIV.*



21 MOSTRA DE INSTRUMENTOS DE MÚSICA TRADICIONAL

Corría o ano 1988 cando a Xunta Xestora do que hoxe é a Asociación de Gaiteiros Galegos levantaba a acta fundacional da nosa asociación. Daquela, importantes persoas do ámbito da música tradicional galega loitaron por constituír a AGG, unha asociación que dignificara, divulgara e defendera a cultura musical tradicional galega.

En todos estes anos, xa 25 dende a asamblea fundacional, a AGG traballou a reo para darlle a nosa música tradicional o espazo que merece na sociedade a través de diversos seminarios, xornadas, traballos audiovisuais, publicacións, obradoiros e, como non, mostras de instrumentos de música tradicional como a que ten lugar no Festival de Pardiñas, que neste 2014 cumpre 21 edicións ininterrompidas.

Este ano é, pois, un ano de celebración e ilusión para tod@s @s que dun xeito ou outro formamos parte da AGG. Chegar ata aquí foi un traballo colectivo de todas as persoas que dalgunha maneira contribuíron a que a música tradicional continúe máis viva que nunca, non obstante, faise imprescindible poñer a vista na necesidade de relevo e colaboración, de que siga habendo xente ilusionada para garantir, como mínimo, a continuidade doutros 25 anos máis.

Queremos, polo tanto, que esta 21 edición da Mostra de Instrumentos Tradicionais de Pardiñas, sexa un reflexo de todo o camiño andado, dese camiño que nos fixo chegar ata o que somos, que fixo desta mostra un espazo de encontro e intercambio entre artesáns e músicos, converténdoa nun lugar de referencia non só en Galiza, senón en toda a Península, pero sen perder de vista todo o camiño que nos queda por percorrer e no que esperamos contar contigo, con todos vós, @s amantes da nosa cultura, @s amantes e defensores do noso.

Teremos un pregoiro de excepción como é Afonso Blanco Torrado, memoria viva deste festival e desta mostra de instrumentos, foi fundador da Asociación Cultural Xermolos e Promotor do Festival de Pardiñas; el como ninguén saberá guiarnos pola historia que nos fixo chegar ata aquí e entusiasmarnos co seu énfase persoal para todo o que nos queda por vivir no Festival de Pardiñas e na súa Mostra de Instrumentos Tradicionais.

PROGRAMA DA MOSTRA

- Sábado 2 Agosto**
- 17.00 horas - Apertura da mostra - Pregón a cargo de Afonso Blanco.
 - 17.30 horas - Obradoiro de Baile Mirandés - Las Çarandas (Portugal).
 - 18.30 horas - Concerto Las Çarandas.
 - 19.00 horas - Sorteo do tambor.
 - 20.00 horas - Actuación do grupo Xaora.
 - 21.00 horas - Obradoiro de Treboada - Oli Xiraldez.
- Domingo 3 Agosto**
- 11.30 horas - Apertura - Escenario libre para músicos espontáneos.
 - 12.30 horas - Obradoiro de Treboada - Oli Xiraldez.
 - 17.30 horas - Obradoiro de baile tradicional - Manuel Covas.
 - 18.30 horas - Concerto de Eudemónicas.
 - 19.00 horas - Sorteo da Gaita.
 - 20.00 horas - Escenario libre para músicos espontáneos.

ARTESÁNS PARTICIPANTES

- Che Vázquez** / Trompas e instrumentos Tradicionais / Brión (A Luaña)
- Pablo Carpintero** / Gaitas, requintas e percusións / Compostela
- Lois Mouriño** / Obradoiro de instrumentos Tradicionais / Compostela
- Queima** / Vento e percusión / Redondela
- Foliqueiras** / Percusión tradicional / Vigo
- O Reberete** / Vento e percusión galega / Amoeiro (Ourense)
- Luis Martínez** / Instrumentos de corda / Soutomaior
- Laureano** / Os Alegres / Percusión e Gaitas / Pontevedra
- Diego Langarika** / Percusión e corda / Mondariz
- Afonso Castro** / Gaitas / O Rosal
- Cristóbal Prieto** / Gaitas e frautas / O Hío (Cangas)
- Obradoiro de Gaitas Seivane** / Cambre
- Nebra** / Gaitas e zanfanas / Porto do Son
- O Chilro** / Percusión e gaitas / Cambados
- Xosé Tuñas** / Percusión / Ames
- Master Gaita** / Controlador MIDI de gaita / Sada
- Xaneco** / Percusión e zanfanas / Outeiro de Rei
- Oli Xiraldez** / Gaitas e requintas / Teo
- Carlos Fandiño** / Gaitas / Teixeira
- Iago Salgado** / Instrumentos Tradicionais / Recesende (Teo)
- Benito Quirós** / Gaitas e percusión tradicional / Vigo
- Miguel Mosquera** / Gaitas e pitos pastoriles / Sarria
- Alberto Pires** / Gaitas / Pontesampaio
- Ánxel Vega** / Percusións / Asturias
- Xermán Arias** / Lutheria e zanfanas / Sarria



Asociación de Gaiteiros Galegos

LAS ÇARANDAS :

“Com espírito de festa, este grupo formado por quatro raparigas oriundas de vários sítios do país, tem como objectivo pôr as pessoas a dançar com a mesma espontaneidade de outros tempos em que os bailes no terreiro eram a única forma de divertimento das aldeias do Planalto mirandês onde velhos e novos, ricos e pobres, bailadores natos e mesmo os que não sabiam dançar, se encontravam em rodas gigantes e paralelas intermináveis de gente sorridente e saltitante. Cada um dançava como sabia.



Surgiram assim as “Las Çarandas” um grupo tradicional ou nem por isso, tocam repertório mirandês e não só, temas de uns, de outros, de todos e criações delas também. Porque o objectivo é pôr toda a gente a dançar, o ensino das danças mais bailadas em terras de Miranda está assegurado mas sempre com espaço para inventar, pois é disto que se fazem os bailaricos, de trocas, baldrocas, de voltas, agarrados, desagarrados, sempre ao som da gaita de foles, da caixa e do bombo.”

EUDEMÓNICAS:

A música galega é o que ten..está viva.

Tres mulleres. Tres voces. Seis mans... Apoia-
das na nosa tradición musical, andamos na procura da felicidade. No camiño, fundíndonos co son da terra percutimos, latexamos e vibramos con madeiras e coiros, con metal enferruxado... Sementamos. Cultivamos vellas melodias, e ás veces colleitamos cantares novos. E ademais, desfrutamos a cada paso.



Eudemónicas somos:

Pepa Yáñez - voz e percusión

Branca Villares - voz e percusión

Carolina Vázquez - voz e percusión

Convidado:

Pablo Pintor - gaita, zanfoña, clarinete e percusións



“O 22 de decembro de 2013 foi unha data clave para o grupo. A data do debut. E como xa se sabe, un grupo non debuta tódolos días. Iso semella unha perogrullada, pero é así. E a verdade é que os fados, de novo, fixeron que esa data fose nun entorno e nunha situación moi especial. O entorno, a antiga igrexa restaurada de Muimenta. Tocar aí enriba “predicando” a palabra da música tradicional foi unha auténtica sorte, e debutar cunha morea de xente, tamén. Algo que non soe ser o habitual. Cando un grupo debuta, soe estar rodeado só de amig*s, e non tod*s, xa sabemos que gaitas e pandeiretas (léase ferretería) fan fuxir a algunha xente como o demo. A situación, a presentación do libro O agasallo de Anya de Sabela Núñez Singala, un acto moi especial, pois a autora facíao antes da presentación oficial e na súa terra. A verdade é que foi un acto emotivo e moi bonito. Dixéronse fermosas palabras sobre a escritora e, sobre todo, da muller tan excepcional que é. Mentres, nós, de espectadores de luxo. Rematada a presentación do libro, alguén berrou o noso nome por primeira vez en público, algo que nos fixo moita ilusión e nos arrancou a tod*s un pequeno sorriso de complicidade. Así que alí estabamos, nun altar, cos nosos instrumentos, cunhas cuncas de viño quente baixando polas nosas gorxas, e intentando darlle á xente un pouco de música. ¿Pódese pedir máis?”



“Este fin de semana temos unha cita ineludible nun dos máis fermosos festivais de Galicia. O sábado e o domingo a cita é en Guitiriz para gozar do FESTIVAL DE PARDIÑAS . Moit*s de nós somos incondicionais e levamos moitos anos asistindo nestas datas, pero este ano, vai ser un pouco máis especial, pois a cita é obrigada. Grazas a Asociación de Gaiteiros Galegos estaremos polo festival levando a nosa música. A verdade que é unha cita importante, polo que representa o festival para moitos de nós, polo que representa a Mostra de Instrumentos de Pardiñas e por ver cumprido case un soño de tocar nun lugar emblemático como Pardiñas.”

PREGÓN DA XXI MOSTRA DE INSTRUMENTOS

A vosa participación é a mellor mostra da boa saúde do Festival de Pardiñas. Sodes o seu corazón, o motor que marca as pulsacións e o ritmo desta festa. Sodes artesáns e artistas porque tedes esa sensibilidade de transmitir as esencias do noso pobo, sen adulteracións nin alleamentos. Ficades na cerna das nosas raíces porque para vosoutros a música non é só lecer e divertimento, que xa é moito, para vosoutros a música é creadora de cultura, da de nós... A música é a linguaxe do espírito do noso pobo. As e os nosos mellores escritores dedicaronlle á gaita, ó tamboril, ás tarrañolas, á zanfona..., as súas mellores melodías. Agora mesmo cada unha e cada un de nós está facendo memoria dalgunha destas composicións, pero tamén me estades suplicando que cante algo do noso poeta, do Díaz Castro que consideraba como Manuel María, Avelino Pousa Antelo, Seivane..., Pardiñas a súa festa. E aí vai unha das súas cantigas:

Cántiga

Gaiteiro, tira esa pipa,
e ponte a soprar na gaita,
que a mocidade da aldea
está esperando a tocata.

Cháma-me o tamboreleiro,
e incha esa gaita encarnada,
esa gaitiña galega
que parte as còrdas d'a i-alma.

Énchell'a gòrxa de buxo
hastra que estale de rabia.
¡Tiroliro, meu gaiteiro!
¡Tiroliro, miña gaita!

Esa gaitiña sinxèla
que rechina cando canta,
esa gaitiña galega
¡cómo d'amores me mata!



Debuxo por Antonio Ferreiro

Tòca, tòca, meu gaiteiro,
que os rapaces i-as rapazas
nunca bailan con máis xenio
que cando ô son d'ela bailan.

¡O vento levará lonxe
nas súas líricas alas
a música dos amores
i-as foliadas da danza!

Énche-lle a gòrxa de buxo
hastra que estale de rabia
esa gaitiña gaiteira,
que rechina cando canta.

Esa gaitiña galega
¡cómo d'amores me mata!
¡Tiroliro, meu gaiteiro!
¡Tiroliro, miña gaita!



Levades 25 anos loitando para que as nosas festas non esmorezan, para que o noso pobo non morra. Non só creando espectáculo, concertos, senón mobilizandoo para que brinque de ledicia pois a mellor fortuna que nos puido acontecer; foi nacer nesta paisaxe e nesta cultura. Grazas a Asociación de Gaiteiros Galegos por ensinarnos a amar o noso. O voso corazón bombea o sangue con tanta ledicia, que estimulades a participación en obradoiros e compartides as vosas investigacións nun agasallo para os que nos achegamos a vós neste Festival. Empurrades á creatividade e convertedes a vosa mostra nunha festa dos sentidos. Sodes as e os voceiros das arelas de Galiza que tamén cando fai festa está a contruir a esencia do pobo, con esta gallardía que contaxia a gaita, a nosa percusión, a zanfona...

En Pardiñas creades saúde, axudádesnos a medrar en autoestima coma cidadáns e coma colectivo. Fúchedes convertindovos na alma desta festa, sen vós seríamos o esqueleto dunha danza macabra. Grazas a vós somos unha fervenza de vida e cultura,

Que a festa continue nesta tarde de música de pinos como se despediu o poeta despois de participar no festival de 1990. Alfonso Blanco Torrado.

OBRADOIRO 
de **batukada**


VENRES 1 DE AGOSTO
ÁS 17:00
NA **CASA HABANERA**

POSTERIORMENTE, OS ASISTENTES FARÁN
UN **PASARRÚAS** ATA O CAMPO DA FEIRA

 **PODES TRAER O TEU INSTRUMENTO DE PERCUSIÓN**

Organiza: **BLOQUINHO DE XERMOLOS** 

Obradoiro de xoguetes naturais: Domingo ás 12:30 na Mostra de Artesanía polo colectivo Ouvirmos.



XXXV Festival de Pardiñas

- GUITIRIZ -

Ano 2014

Festa Interese Turístico Galego

Feira e Festa da Música e da Arte

Venres
1
Agosto

Ás 17:00 h.- TALLER DE BATUKADA co BLOQUINHO DE XERMOLOS, no campo da feira de Guitiriz
Ás 19:30 h.- II CERTAME DE CANTOS DE TABERNA polos bares de Guitiriz en colaboración coa hostelería

Sábado

2

Agosto

Ás 17:00 h.- XXI MOSTRA DE INSTRUMENTOS de MÚSICA TRADICIONAL

Ás 18:30 h.- CONCERTO de LAS ÇARANDAS (Portugal)

XXXV MOSTRA DE ARTESANÍA

Ás 19:00 h.- XXXV CARREIRA POPULAR - Pola noite: FESTA con

Ás 21:30 h.- **BLOQUINHO DE XERMOLOS** (Galiza)

Ás 22:00 h.- **RADIO COS** (Galiza)

Ás 00:00 h.- **YACINE & THE ORIENTAL GROOVE** (Alxeria)

Ás 02:00 h.- **ELÉCTRIC GOZARELA** (Catalunya)

Ás 04:00 h.- **TRAPALLADA** (Galiza)



Domingo

3

Agosto

Ás 11:30 h.- XXI MOSTRA DE INSTRUMENTOS de MÚSICA TRADICIONAL

Ás 18:30 h.- CONCERTO EUEMÓNICAS (Galiza)

XXXV MOSTRA DE ARTESANÍA

Ás 12:30 h.- OBRADOIRO INFANTIL DE XOGUETES NATURAIS

Ás 13:00 h. e 16:30 h.- **OXFORD UNIVERSITY CEILIDH BAND** (Inglaterra)

Ás 18:00 h.- PAROLADA DOS DIPLOMÁTICOS "Sesión Bravú: XX anos de ruta"

Ás 19:00 h.- PREGÓN de M.^a do Pilar García Negro

Ás 20:00 h.- **A QUENLLA** (Galiza)

Ás 22:00 h.- **NIAMH NI CHARRA** (Irlanda)

Ás 00:00 h.- **GUAUCHOS** (Arxentina) (Galiza)

Ás 00:30 h.- **DIPLOMÁTICOS DE MONTE ALTO**

Organiza:

Xermolos

www.xermolos.org



Colabora:



CONCELLO DE GUITIRIZ



Asociación de Gaiteiros Galegos



Grupo TEIXIDO

GADIS

C. MONTES SAN XOAN DE LAGOSTELLE



DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Cultura e Turismo

Patrocina:





Maquetación:
Xosé Antonio Arias

Colaboran:



DEPUTACIÓN DE LUGO



Concello
de
Guitiriz

2 E 3 DE AGOSTO
2014

**PARDIÑAS
GUITIRIZ**

Organiza:
25
ANIVERSARIO
Asociación de Gaiteiros Galegos

Colabora:

XUNTA DE GALICIA
Seivane
FUNDACIÓN CENTRO GALEGO DA ARTEFAMA E DO TRAZADO
GORE
comercial PAZOS

21 | MOSTRA DE INSTRUMENTOS DE
MÚSICA TRADICIONAL |